

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 26 DE XUÑO DE

2014

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e seis de xuño de dous mil catorce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, don Fernando Caride Suárez, dona Marta M^a Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, dona Elisa Pestonit Barreiros e dona M^a Eugenia Mantiñán Méndez, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona M^a Olga Santos López, de EU; don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Non asisten, con escusa, dona Rocío Vila Díaz, do PP, e dona M^a Victoria Amor Prieto, do BNG.

Asisten dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona Verónica M^a Otero López, secretaria accidental da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 27 de marzo de 2014, á sesión ordinaria do día 24 de abril de 2014 e á sesión extraordinaria do día 28 de abril de 2014

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 27 de marzo de 2014, á sesión ordinaria do día 24 de abril de 2014 e á sesión extraordinaria do día 28 de abril de 2014.

Non se formulan alegacións polo que a Corporación, por unanimidade dos concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron ás citadas sesións, dezasete concelleiros na sesión ordinaria do día 27 de marzo de 2014 (seis concelleiros do PP, cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, dúas concelleiras de UxC, dous concelleiros de EU, un concelleiro do BNG e o concelleiro do PGD, integrante do GM), dezasete concelleiros na sesión ordinaria do día 24 de abril de 2014 (cinco concelleiros do PP, catro concelleiros do PSdeG-PSOE, tres concelleiros de UxC, dous concelleiros de EU, un concelleiro do BNG e os dous concelleiros de PdeC e PGD, integrantes do GM) e dezanove concelleiros na sesión extraordinaria do día 28 de abril de 2014 (seis concelleiros do PP, cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, tres concelleiros de UxC,

dous concelleiros de EU, un concelleiro do BNG e os dous concelleiros de PdeC e PGD, integrantes do GM) aproba os borradores.

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. Aprobación, se procede, das bases da convocatoria pública de bolsas para deportistas de Cambre 2014

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Deportes, Xuventude e Voluntariado de data 18 de xuño de 2014.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 25 de xuño de 2014.

Concedida a palabra a don Fernando Caride Suárez, concelleiro do PP, pregunta aos presentes se desexan algunha aclaración, tanto ás bases como á documentación que se lles fixo chegar hoxe pola mañá, a última hora.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que aclaracións, non, pero si que querían deixar constancia de que non se atenderon cre que ningunha das consideracións que se propuxeron nas comisións informativas de onte. Pregunta se o corrixe o Sr. Caride.

Concedida a palabra a don Fernando Caride Suárez manifesta que, se non lembra mal, nas comisións o que acordaron foi solicitar ao coordinador da Área de Deportes, Xuventude, Voluntariado, Educación e Cultura aclaración sobre certos puntos, ou as súas apreciacións ás modificacións das bases. Entende que constan no documento enviado, se non é así, pregúntalle que punto non consta.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas manifesta que non sabe se o Sr. concelleiro está facendo referencia ao informe cineantropométrico de hai 50 anos, de 1964, no que, por outra parte, se recoñece que en determinados deportes como a ximnasia rítmica o estado adecuado para o desenvolvemento deportivo está entre os 10 e 12 anos. Di que se permite lembrarlle que lle propuxeron a posibilidade de rebaxar a idade e el díxolles que non, iso si, con talante.

Concedida a palabra a don Fernando Caride Suárez manifesta que esa é unha parte da exposición. Á apreciación que o Sr. Bao fai sobre que a xustificación do informe ten 50 anos, dille que o informe o emite un técnico e que el non se considera quen para cualificar se pasados 50 anos ten validez ou non. O Sr. Bao debe ter a capacidade para avalialo, pero dende logo, o que a ten seguro é o técnico, e é el quen o fai constar no informe.

Conclúe dicindo que, ademais, o informe continúa, e dille ao Sr. concelleiro que non o debeu ler no se conxunto. Nel déixase claro o motivo polo cal non se inclúen os 13 anos, non o di o Goberno municipal, onde se di é no informe técnico, outro ano máis, por outra parte.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas expón que informes cineantropométricos na Wikipedia e en 'El rincón del vago' hai a patadas.

A pesar de que o número de solicitudes de beneficiarios tense reducido nun 20% da convocatoria do 2012 á do 2013, de 20 a 16, a pesar de que determinadas disciplinas deportivas acadan unha madurez deportiva a unha idade máis temperá que outras, a pesar, en moitos casos, que non teñen a mesma esixencia deportiva deportes individuais que colectivos, e a pesar de que un terzo dos beneficiarios das bolsas son ximnastas ou patinadores, o Goberno négase, por contumacia, a mover nin unha soa coma da proposta. Dille ao Sr. alcalde que non está no ADN do seu Goberno negociar nada.

Conclúe dicindo que non votar favorablemente á proposta e pouco máis teñen que dicir.

Concedida a palabra a don Fernando Caride Suárez manifesta que despois de cualificar o informe dun técnico como un corta e pega da Wikipedia ou de 'El rincón del vago', non teñen moito máis que dicir. Eles remítense ao informe técnico, que foi emitido pola persoa capacitada para redactar, avaliar e clasificar as bases e as condicións das bases, nada máis.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo vaise abster, van manter o voto da comisión.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que neste punto das bolsas para deportistas de elite de Cambre para o ano 2014, o que para eles debería ser un tema que se debatese e votase neste pleno dun xeito sosegado e produtivo, inicialmente por non ter necesariamente maiores discrepancias que as que poden ser pequenas modificacións, como están a falar, ou apreciacións que mellorarían a proposta orixinal que se trae polo concelleiro competente, acaba tinxíndose dun ton escuro a causa, como sempre, da mala, malísima disposición, e xa non vai dicir, nese sentido vai cambiar, xa non vai dicir mala disposición do Goberno, vai dicir mala disposición de parte do Goberno, e vaise explicar, porque o Sr. alcalde non estivo nas comisións informativas.

Si lle pide e si lle gustaría, no tempo que levan que se coñecen, Sr. alcalde, que se pode lera a acta das comisións informativas de onte, dillo con total disposición a establecer un diálogo con el, gustaríalle que lera a acta de onte. Tamén lle gustaría que, despois de lera, lle dixera que lle parece esa acta. Non llo vai esixir, non ten capacidade para facelo, pero si lle gustaría que a lera.

Quere explicarllo, sobre todo porque o Sr. alcalde non estivo onte, e pola súa condición de alcalde de Cambre. Propuxéronse, dende EU e dende outros grupos municipais, varias modificacións, varias achegas para incorporar a esta convocatoria, todas elas afirmalle, co ánimo de mellorar a proposta orixinal.

Sendo máis precisa, en primeiro lugar consultaron ao Sr. Caride sobre o número exacto de solicitudes tramitadas no ano 2013. O Sr. Caride nese momento non tiña o dato, comprometeuse a facerlle chegar, e así o fixo.

En segundo lugar, ela mesma tamén lle preguntou ao Sr. Caride cales eran os criterios para fixar en catro os anos de antigüidade para estar empadroados no concello aqueles solicitantes que quixeran acceder ás bolsas. Igualmente que no punto anterior, o día de onte o Sr. Caride, a pesar de soste que era un criterio técnico, non podía confirmar o obxecto dese requisito, pero comprometeuse a aclararlle hoxe, e cumpriu con ese compromiso, aclaroulle coa documentación anexa que se enviou e cos informes que se comprometeu a enviar e que efectivamente teñen recibido.

Tamén resaltaban hoxe que non coidaban suficientemente transparente o feito de que a comisión de avaliación desas solicitudes non fixera mención específica do número de traballadores que configurarían a comisión, pertencentes ao persoal da Concellería de Deportes, posto que esa indeterminación do número de traballadores, sen saber se ía ser un, dous ou tres, podería chegar a levar a unha descomposición, ou máis ben a unha descompensada composición da propia comisión, máis política que técnica, ou non tan técnica como se debería. Propuxéronllo tamén e comentáronllo tamén.

Neste punto, o concelleiro delegado, que se está referindo en todo momento ao Sr. Caride, porque a conversación foi con el, tamén aceptou o Sr. Caride onte, estudar e consultar esa posibilidade de facer mención expresa ao número de persoal, de técnicos que formarían parte da comisión. Hoxe fíxoselles chegar un informe ao respecto. Tamén no seguinte punto que lles atinxe van falar desta cuestión, apoiando a proposta da indeterminación no número, porque nesa cuestión dende o grupo de EU seguen a discrepar, basicamente no relativo á transparencia da configuración da comisión, pero é unha discrepancia, como dixo, non tan relevante como para opoñerse á redacción orixinal.

Hoxe, ademais, recibiron por parte do Sr. Caride a desagregación dos criterios de puntuación que se aplican para a concesión das bolsas, que tamén lle pediron onte e que tamén lles enviou, nese sentido pregunta se habería algún inconveniente en facer, en anexas eses criterios a estas bases.

Á parte dalgún outro punto que expuxeron de relevancia menor, e sendo totalmente honestos, e facendo honor á verdade, deben dicir que a disposición do Sr. Caride de onte, a modificar, analizar e estudar as súas propostas, foi moi boa. En todo momento, e non lles doen prendas en recoñecelo, foi unha postura dialogante, tolerante, como eles entenden e como levan tres anos requirindo que se debe facer política. Iso con independencia de discrepancias, como é lóxico, que teñen que telas e que saben que van telas.

Insiste en que esa forma de traballar de onte e de hoxe, e segue insistindo, é o que levan reclamando moito tempo. Cheguen ou non a acordos, consideran que esa é a forma de traballar. Só faltaría, para darlle un pouco de humor ao tema, que todo isto se fixera con carácter previo á proposta, pero están empezando, están no bo camiño no que se refire a este concelleiro, concretamente.

Pero tamén facendo honor á verdade, e deben dicir que no polo oposto, atópase a disposición do voceiro popular, do Sr. Andreu, que ademais de non permitir, e por iso lle pide ao Sr. alcalde por favor que lea a acta, de non permitir ao Sr. Caride, co que

ela estaba mantendo unha conversación sosegada e cre que construtiva, ademais de non permitirlle contestar, rebentou o diálogo e a sesión das comisións informativas que estaban a celebrar.

Di que toda esta introdución que lle fai ao Sr. alcalde vén porque están moi fartos, coida que en xeral, pero no que atinxe a Esquerda Unida, a ela e ao seu compañeiro en particular, están fartos de que reiteradamente a culpa de todo o malo que acontece neste concello se lle traslade á oposición.

Esta semana nun xornal, en 'La Opinión', falaba o Sr. alcalde, nunha entrevista, do bloqueo que os concelleiros da oposición estaban facendo á dinámica do Goberno pola non aprobación dos orzamentos. Ela lembraba no momento en que leu esa entrevista aquela canción de "Que tiene la zarzamora", xa sabe o Sr. alcalde por onde vai. Di que insiste, que debería ler a acta da comisión informativa de onte, para que se dea conta, en moitos casos, de quen é no seu Goberno o responsable de que non exista diálogo, de que non exista colaboración, de que se lles acuse de non traer alternativas, porque as traen, de que se lles acuse de non traer propostas e achegas, porque as traen e intentan falalas, de feito houbo disposición polo concelleiro de Deportes de levalas a cabo, de feito ese concelleiro comprometeuse e cumpriu coa súa palabra hoxe.

Estarán ou non de acordo, insiste, nos informes, estarán ou non de acordo nos puntos, estarán ou non de acordo en que se inclúan as súas peticións, pero o seu compromiso cumpriuno, e eles, a información que pediron, téñena.

Di que lle pide ao Sr. Rivas que non busque sempre fóra, que busque tamén na casa, porque ás veces as mazás podres están no cesto, non están fóra do cesto. Verá a comisión e verá que o ton do Sr. Andreu foi despectivo, negativo, violento e reticente. Insiste en violento.

Están, como dicía, fartos de que se lles acuse de paralizar a acción do Goberno, cando quen rebenta neste caso a posibilidade de diálogo é o Sr. Andreu. Se realmente é verdade o que o Sr. alcalde di e o que lle levan escoitando, e do que EU non dubida, sobre que está no seu ánimo como alcalde dialogar, pídelle que, por favor, unha vez lea a acta, teñan unha conversación e o Sr. alcalde, sendo honesto lle diga se as comisións informativas de onte son a súa forma desexable de facer política.

Conclúe dicindo que, agradecendo novamente a xestión do Sr. Caride, di que se van abster, van facelo polo que indicaron, por non incluír algunhas das modificacións que propuxeron, que coidan importantes, pero como dixo non tan transcendentales como para ter que votar en contra. E deixan este tema enriba da mesa, con independencia de que xa sabe que se acaba de ir un pouco polos cerros de Úbeda, porque en ocasións tamén é importante falar da forma e falar de como queren facer política.

Toma a palabra o Sr. alcalde e manifesta que ten o seu compromiso de que vai ler a acta das comisións informativas de onte e, unha vez lida, dille que non se preocupe, que se porá en contacto con ela.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, manifesta que o seu grupo vai votar abstención.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que vai aprobar a proposta.

Concedida a palabra a don Fernando Caride Suárez manifesta que, simplemente por puntualizar, en referencia ao que comentaba a concelleira de EU de anexar á documentación os criterios polos cales se avalía, a resposta por parte do técnico non foi clara, e explícase. Son criterios que poden sufrir variacións dunha convocatoria a outra, entón, non habería problema, pero consideraba que podería resultar máis molesto ou confuso se había unha variación de criterio dun ano para outro. Como os criterios que están postos son xenéricos, e se entende, a priori, el estimaba que non. De todas maneiras, non habería problema por introducilos, non sabe se queren facelo.

Despois, facendo referencia, pero sen entrar moito na exposición que fixo en relación ás comisións de onte, di que el en ningún momento sentiu que o voceiro do seu grupo o interrompera, simplemente era unha parte que correspondía a persoal, el así claramente o dixo, e o Sr. Andreu, como concelleiro delegado de persoal, é o que deu a explicación oportuna.

Conclúe dicindo que non vai facer ningunha apreciación máis a ese respecto.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e o concelleiro presente do BNG.

A Corporación, por oito votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria pública de bolsas para deportistas de nivel do Concello de Cambre durante 2014, que se achegan como anexo I, tal e como se transcriben a continuación:

BASES CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA DEPORTISTAS DO CONCELLO DE CAMBRE PARA O ANO 2014

A- Obxecto:

O obxecto da presente convocatoria é establecer os criterios e o procedemento para a concesión de bolsas a deportistas de nivel do Concello de Cambre, de acordo cos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade coa intención de fomentar o deporte de nivel entre os veciños do municipio.

Estas axudas serán compatibles con outras axudas, públicas ou privadas, que se concedan para a mesma finalidade.

A dotación total da presente convocatoria é de 10.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2014/341/48907, cun límite máximo por bolseiro de 1.200,00 euros.

B- Destinatarios:

Poderán participar nesta convocatoria os deportistas do concello de Cambre que reúnan os seguintes requisitos:

- 1.- Ter a idade mínima de trece anos cumpridos no ano da solicitude.
- 2.- Estar empadroado no Concello de Cambre cunha antigüidade de, polo menos, catro anos consecutivos, no momento da solicitude.
- 3.- Estar en posesión de licenza deportiva, vixente no momento da convocatoria e expedida pola federación deportiva correspondente.
- 4.- Acreditar nivel deportivo na especialidade, polo menos, o ano anterior ao da solicitude, e ter proxección nas previsións de futuro.
- 5.- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de beneficiario de subvencións (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións).

C- Documentación:

As solicitudes de bolsas presentaranse no Rexistro Xeral do concello, no modelo normalizado, que se facilitará neste rexistro ou na sección de deportes, e no que constará:

1. Solicitude da subvención segundo modelo normalizado.
2. Resumo do historial deportivo, obtido durante o ano 2013, no que haberá de constar as participacións e os resultados máis importantes obtidos en competicións autonómicas, nacionais ou internacionais, con especificación de datas, lugar e nivel de competición; este historial haberá de vir dilixenciado co visto e prace da Federación deportiva correspondente en documento orixinal.
3. Proxecto deportivo, a desenvolver durante o ano 2014, no que se incluíra necesariamente:
 - 3.1.- Detalle das competicións as que se pretende asistir no 2014, expresando a súa denominación, data, lugar, número e duración das competicións.
 - 3.2.- Nivel da competición (nacional, internacional).
 - 3.3.- Categoría da competición (absoluta, previa a absoluta...).
 - 3.4.- Orzamento de gastos e ingresos estimados da tempada.
4. Copia compulsada da licenza federativa para a tempada 2014.
5. Autorización do bolseiro para que o Concello de Cambre poida solicitarlle datos á axencia tributaria relativos ao cumprimento das súas obrigas tributarias.
6. Declaración xurada de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
7. Xustificante do Padrón municipal no que conste a data de alta.
8. Certificado dun número de conta corrente do que sexa titular o solicitante.

A sección de deportes revisará os expedientes de solicitudes e verificará que conteñan a documentación esixida. Se resulta que a documentación está incompleta ou defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de DEZ días a partir da data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, se entendera que desiste da súa solicitude.

D- Prazo de solicitude:

O prazo para a presentación de solicitudes será dende o día seguinte ao da publicación das presentes bases no boletín oficial da provincia ata o 11 de agosto de 2014

De forma excepcional poderanse admitir solicitudes fóra deste prazo cando concorra algún dos seguintes supostos:

- 1.- O deportista solicitante acceda a probas de nivel (nacionais ou internacionais) por clasificación en probas menores logo do prazo de solicitude.
- 2.- O deportista solicitante sexa seleccionado durante a tempada para probas de nivel (nacionais ou internacionais) despois do prazo de solicitude.

E- Comisión de avaliación:

As solicitudes das bolsas serán estudadas e valoradas por unha comisión de avaliación que estará formada por:

Presidente:	Alcalde ou persoa en quen delegue
Secretaria:	Secretaria xeral do concello ou funcionario en quen delegue
Vogais:	Concelleiro delegado da Área de Deportes Interventora do concello ou funcionario en quen delegue Persoal da concellaría de Deportes

F- Concesión das bolsas:

Previamente á concesión, comprobarase de oficio que os posibles bolseiros non teñen débedas tributarias pendentes.

Tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva, e resolverá o outorgamento das bolsas o concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado logo da proposta da comisión de avaliación segundo os seguintes criterios:

- 1.- Proxecto deportivo para a presente tempada (nivel, categoría e número de competicións): ata 35 puntos.
- 2.- Implantación e importancia da modalidade deportiva no eido nacional: ata 20 puntos.
- 3.- Resultados obtidos na tempada anterior á da solicitude: ata 20 puntos.
- 4.- Achega económica propia para o desenvolvemento do proxecto/ competición: ata 20 puntos.
- 5.- Outros méritos que valorará a comisión (convocatoria oficial coa selección española da especialidade no ano da solicitude, estancia en centros de rendemento deportivo no ano da solicitude...): ata 5 puntos.

G- Obrigas do beneficiario:

- 1.- Realizar o proxecto deportivo obxecto da bolsa, é dicir, ter competido, no ano da convocatoria, en eventos/probas deportivas de relevancia nacional ou internacional organizados ou recoñecidos polas respectivas federacións e sempre que este acceso sexa por selección, por clasificación directa en probas menores ou por acreditar unha marca mínima.
- 2.- Sinalar a súa condición de bolseiro deste programa nas competicións ou actividades nas que participe, e facer constar de maneira visible o escudo e lenda "Concello de Cambre".
- 3.- Acreditar o cumprimento da finalidade para a que se concede a axuda, coa presentación da seguinte documentación xustificativa:
 - Memoria da tempada e dos resultados obtidos.
 - Certificación da Federación deportiva correspondente, acreditativa da participación nas probas e da clasificación obtida, no que consten as datas e lugar da súa realización.
 - Documentación acreditativa da publicidade do Concello de Cambre nas competicións obxecto da convocatoria (fotos, prensa, vídeo...).

- Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou ben, declaración de non ter outras axudas ou subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.
- Relación dos gastos da actividade, con identificación do emisor da factura e número de documento, concepto, importe, data de emisión e data de pagamento.

En particular terase en conta as seguintes regras:

- Se consideran gastos subvencionables aqueles que sen lugar a dúbidas respondan á natureza da actividade deportiva subvencionada.
 - Non se admitirán facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde.
 - Nas viaxes que se realicen por mor da actividade e competicións, admitiranse como gastos subvencionables os de desprazamento, aloxamento e os de alimentación.
 - Cando o gasto xustificativo se presente a través de liquidacións por indemnizacións en concepto de desprazamentos efectuados, deberá aportarse certificado federativo ou certificado do club, segundo o caso, acreditativo da relación entre as datas dos desprazamentos efectuados e as actividades deportivas ou competicións.
- Facturas orixinais ou copias debidamente compulsadas referidas a gastos efectuados no exercicio 2014. As facturas deberán especificar de forma detallada, o número e características dos servizos prestados ou do material adquirido, prezos unitarios así como calquera outra información que facilite a comprobación de que estes documentos se axustan ao obxecto da subvención. Non se admitirán como xustificante de gasto, as facturas nas que non se detallen os anteditos aspectos. No momento da súa presentación, antes de facer a fotocopia, sobre o orixinal deberá extenderse dilixencia na que se faga constar que a factura foi utilizada como xustificante de gastos para a obtención dunha subvención do Concello de Cambre.

4.- Someterse ás actuacións de comprobación do concello e ás de control financeiro que lle corresponde á intervención municipal.

5.- Comunicarlle ao concello, tan pronto como se coñeza, a concesión doutras subvencións concorrentes por parte doutras administracións ou entidades privadas para a mesma finalidade.

6.- Participar en actividades ou campañas de difusión/promoción do deporte que poida realizar a Concellaría de Deportes.

O incumprimento dalgunha destas obrigas poderase resolver coa suspensión do pagamento ou coa apertura do expediente de reintegro da subvención indebidamente percibida.

H- Notificación e publicidade da resolución:

A resolución da concesión das bolsas dictarase nun prazo máximo de tres meses dende a finalización do prazo de solicitude, e procederase a dar publicidade no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello (www.cambre.org), así como á notificación individual aos beneficiarios, nun prazo máximo dun mes dende a data da resolución.

I- Xustificación e pagamento:

Os bolseiros deberán xustificar a realización do proxecto deportivo mediante a presentación, no rexistro de entrada, da documentación conforme ao apartado G.3. das presentes bases.

Para aqueles deportistas que non cumpran na súa totalidade, o proxecto deportivo por mor de

lesión derivada da práctica deportiva, entenderase cumprida a finalidade básica da subvención, aboándose un máximo do 40% da subvención concedida, previa valoración da concellería de Deportes.

O prazo de presentación da xustificación comezará a contar dende o día seguinte ao da comunicación da concesión da bolsa, e rematará o 15 de novembro de 2014.

Vista a documentación xustificativa presentada, o órgano competente valorará se se cumpríu a finalidade da subvención e propondrá a aprobación da xustificación presentada e ordeará o pagamento.

A renuncia á bolsa por forza maior, deberá comunicárselle ao concello tan pronto como se produza.

O importe da bolsa concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou entidades privadas supere o custo da actividade. En tal caso reducirase a aportación municipal de forma proporcional.

Disposición adicional primeira

Para o non previsto nesta convocatoria será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o R.D. 887/2006 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as bases para a execución do orzamento xeral do Concello de Cambre, e demais normativa aplicable.

Segundo: Aprobar os modelos normalizados de solicitude e xustificación da convocatoria pública de bolsas para deportistas de nivel do Concello de Cambre durante 2014, que se achegan como anexo II e anexo III respectivamente.



ANEXO II

FORMULARIO DE SOLICITUDE BOLSAS PARA DEPORTISTAS DO CONCELLO DE CAMBRE 2014

DATOS PERSOAIS

Nome:

NIF:

Enderezo:

Tlf.:

Correo- electrónico:

DATOS DEPORTIVOS

Especialidade deportiva:

Licenza Federativa nº:

Categoría:

Club ao que pertence:

Enderezo do club:

Cambre, ____ de _____ de 2014

Asdo.:

Achegarase xunto a este formulario:

- copia da licenza federativa para a tempada 2014
- Certificación de datos bancarios
- Volante DE ALTA NO PADRON

ALCALDE DO CONCELLO DE CAMBRE



HISTORIAL DEPORTIVO 2013

Competición	Categoría/nivel	Datas/lugar	Posto
*			
*			
*			
*			
*			
*			
*			
*			
*			
*			
*			
*			

Selo e Vº e Prace da Federación deportiva



PROXECTO DEPORTIVO 2014

Competición	Data e Lugar	Categoría	Nivel
*			
*			
*			
*			
*			
*			
*			
*			
*			
*			
*			

ORZAMENTO ESTIMADO DA TEMPADA

GASTOS		INGRESOS	
Licenzas	:	Achega propia	:
Materias	:	Achega Club	:
Desprazamentos	:	Achega Federación	:
Outros	:	Bolsa Concello	:
		Outras bolsas	:
		Patrocinadores	:
	TOTAL:		TOTAL:

Asdo.:



MODELO DE AUTORIZACIÓN DO INTERESADO PARA QUE O CONCELLO DE CAMBRE POIDA RECABAR DATOS Á AXENCIA TRIBUTARIA DE ESTAR AO CORRENTE NO CUMPRIMENTO DAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS (concesión de axudas e subvencións)

A persoa abaixo asinante autoriza ao CONCELLO DE CAMBRE a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas tributarias para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos para obter, percibir e manter a *BOLSAS PARA DEPORTISTAS DO CONCELLO DE CAMBRE PARA O ANO 2014*.

A presente autorización outorgase exclusivamente aos efectos do **recoñecemento, seguimento e control** da subvención ou axuda mencionada con anterioridade e en aplicación do disposto pola Disposición Adicional Cuarta da Lei 40/1998, que mantén a súa vixencia trala entrada en vigor do Real Decreto Lexislativo 3/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, e o artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permiten, previa autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as AA.PP. para o desenvolvemento das súas funcións.

DATOS DO BOLSEIRO:

Nome e apelidos:.....

NIF:.....

Sinatura:.....

Cambre, de 2014

Nota: A autorización concedida polo asinante poderá ser revocada en calquera momento mediante escrito dirixido ao Concello de Cambre



Don/ dona _____, con DNI _____, de
conformidade co establecido nas bases para a convocatoria pública de bolsas de deportistas,
durante o ano 2014, do Concello de Cambre,

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

- 1.-Estar ao corrente das miñas obrigas tributarias e coa seguridade social.
- 2.- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de beneficiario de subvención (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións)

Cambre, ___de _____ de 2014.

Asdo.: _____



ANEXO III

FORMULARIO DE XUSTIFICACIÓN BOLSAS PARA DEPORTISTAS DO CONCELLO DE CAMBRE 2014

DATOS PERSOAIS

Nome:

NIF:

Enderezo:

CP:

Tlf. móbil:

Tlf. fixo:

Correo- electrónico:

Achégolle a documentación xustificativa que acredita o cumprimento da finalidade para que se me concede a axuda, segundo o establecido no apartado G.- das bases da presente convocatoria (BOP nº ____ do ____ de xuño de 2014), e para o aboamento da bolsa concedida.

Cambre, ____ de _____ de 2014

Asdo.:

Achegarase xunto a este formulario:

- Xustificación dos gastos realizados mediante a presentación das facturas orixinais ou copias cotexadas
- Acreditar a publicidade do Concello de Cambre nas competicións obxecto da convocatoria (fotos, prensa, vídeos..)

Sr. Alcalde do Concello de Cambre



	Páxina
1.- Memoria da Tempada.....	3
2.- Certificación da participación nas probas obxecto da convocatoria.....	4
3.- Resumo de gastos realizados.....	5
4.- Declaración de axudas e cumprimento da finalidade da bolsa.....	6



MEMORIA DA TEMPADA

(Descrición de non máis de dous folios das actividades deportivas desenvolvidas polo bolseiro durante o ano 2014, que sexan de interese á hora de comprobar a efectiva realización do obxecto a subvencionar, tales como entrenamentos, competicións, cursos aos que asisten, concentracións, etc.)



Don _____ como secretario/a da federación deportiva
de _____

CERTIFICO que durante o ano 2014 o/a deportista
_____ participou e obtivo os resultados que se
relacionan

Actividade /Competición	Categoría	Data/ Lugar	Posto
-------------------------	-----------	-------------	-------

*

*

*

*

*

*

*

*

*

_____, ____ de _____ de 2014

Asdo.:
(selo da federación)



D./ Dna. _____ con DNI: _____
como bolseiro/a deportista do Concello de Cambre 2014, DECLARO:

1.- Que para o 2014 obtiven unha bolsa (subvención) do Concello de Cambre, por importe de _____ euros

2.- Que para o mesmo obxecto, obtiven, ademais as seguintes subvencións:

ENTIDADES CONCEDENTES	IMPORTE
TOTAL SUBVENCÍONS RECIBIDAS	

NON RECIBÍN NINGUNHA OUTRA SUBVENCIÓN

3.- Que se cumpriu a finalidade da bolsa mediante a realización das actividades ou competicións para as que foi concedida, tal e como se reflicte na presente memoria.

E para que conste, para os efectos de xustificación do cumprimento da finalidade, expídese a presente declaración en _____ a _____ de _____ 2014.

Asdo.:



MODELO DE AUTORIZACIÓN DO INTERESADO PARA QUE O CONCELLO DE CAMBRE POIDA RECABAR DATOS Á AXENCIA TRIBUTARIA DE ESTAR AO CORRENTE NO CUMPRIMENTO DAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS (concesión de axudas e subvencións)

A persoa abaixo asinante autoriza ao CONCELLO DE CAMBRE a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas tributarias para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos para obter, percibir e manter a *BOLSAS PARA DEPORTISTAS DO CONCELLO DE CAMBRE PARA O ANO 2014*.

A presente autorización outorgase exclusivamente aos efectos do **recoñecemento, seguimento e control** da subvención ou axuda mencionada con anterioridade e en aplicación do disposto pola Disposición Adicional Cuarta da Lei 40/1998, que mantén a súa vixencia trala entrada en vigor do Real Decreto Lexislativo 3/2004, polo que se aproba o Texto Refundido de la Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, e o artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permiten, previa autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as AA.PP. para o desenvolvemento das súas funcións.

DATOS DO BOLSEIRO:

Nome e apelidos:.....

NIF:.....

Sinatura:.....

Cambre, de 2014

Nota: A autorización concedida polo asinante poderá ser revocada en calquera momento mediante escrito dirixido ao Concello de Cambre



Don/ dona _____
_____, con DNI _____, de conformidade co establecido nas bases para a convocatoria pública de bolsas de deportistas, durante o ano 2014, do Concello de Cambre,

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

- 1.-Estar ao corrente das miñas obrigas tributarias e coa seguridade social.
- 2.- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de beneficiario de subvención (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións)

Cambre, ___ de _____ de 2014.

Asdo.: _____

Terceiro: Publicar as bases no *Boletín Oficial da Provincia*, no taboleiro de anuncios do concello, así como darlles publicidade mediante anuncio nun dos xornais de maior tirada da provincia.

2.2. Aprobación, se procede, das bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2014

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo, do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado e da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación de data 19 de xuño de 2014.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social e pola Comisión Informativa de Seguridade Cidadá, Mobilidade, Cultura e Turismo do día 25 de xuño de 2014.

Concedida a palabra a don Fernando Caride Suárez, concelleiro do PP, manifesta que o mesmo que coa convocatoria anterior, se hai algunha dúbida, tanto á documentación das bases como á información que se lles fixo chegar no día de hoxe, está á súa disposición.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que, en primeiro lugar, xa que onte na comisión informativa o seu grupo fixo unha manifestación respecto da modificación que se propoñía nas bases da convocatoria en canto á composición da comisión de avaliación que cambiaba os criterios establecidos nas bases do ano 2013, gustaríalles saber se manteñen a composición que lles suxeriron do 2013 ou se manteñen a que se presenta no documento susceptible de aprobación no día de hoxe.

Concedida a palabra a don Fernando Caride Suárez contesta que no informe que se lles fixo chegar hoxe por parte do coordinador, no último apartado, no que se fai referencia á convocatoria das bases, cre que deixa perfectamente resolta calquera dúbida que puidera haber sobre este punto. É dicir, en convocatorias anteriores a redacción era un funcionario de Cultura, un funcionario de Deportes, un funcionario de Educación e, pola contra, nesta convocatoria respóndese unicamente a unha redacción máis económica, entendendo que ao redactar persoal da Área de Cultura, Educación e Deportes, leva implícito a asistencia á comisión de valoración dun funcionario de cada sección, así di o punto f) do informe, polo que entenden que non é necesaria a modificación, porque xa se resolve no documento anexo.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que eles seguen entendendo que é necesario manter a estrutura das bases do 2013, en canto a deixalo máis claro, sobre todo por un criterio de transparencia ante as entidades beneficiarias deste tipo de subvencións, fixar quen vai compoñer e o número dos compoñentes da comisión de avaliación, para que non quede na nebulosa dun termo tan abstracto como é persoal da Área de Cultura, Educación e Deportes, entre outras cousas porque pode variar moito o peso da área técnica en relación coa área política ou viceversa. Seguen mantendo que é necesario, na súa opinión, manter a redacción que se tiña recollido nas bases do 2013.

Agradecen tamén a desagregación dos criterios de puntuación que se lles fai chegar. Nun tema como este a transparencia e a claridade nunca sobran e non estaría de máis que, tal e comentou antes a compañeira de EU en relación coas bolsas para deportistas, esa desagregación se recollera especificamente nas bases da convocatoria. A claridade nunca sobra, repite, e así, a xente vai poder ter claros os criterios que se teñen en conta á hora de valorar as solicitudes que se presentan.

Con independencia diso, cre que este tema daría para máis, no sentido de que para próximas anualidades non estaría de máis revisar entre todos os grupos, e tamén coas asociacións que puideran ser beneficiarias das subvencións, o tema da valoración, ou sexa, se están compensados os criterios de valoración das solicitudes. Nese sentido, xa o ano pasado teñen manifestado que parece, na súa opinión, bastante discutible que teña a mesma puntuación unha solicitude na que se valora a colaboración coas actividades municipais, con 10 puntos, que unha solicitude na que a actividade se

acredita que se desenvolve con persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social, que tamén se valora con 10 puntos. É bastante discutible, pero entenden que recollendo esa desagregación no punto G) das bases de criterios de valoración sempre quedaría máis claro, para todos os eventuais solicitantes, cales son os puntos que se teñen en conta e, nese sentido, é unha proposta que queren facer.

Conclúe dicindo que, polo demais, entenden que isto é mellorable e o seu voto vai ser abstención.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que eles manteñen tamén o voto das comisións e vanse abster.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que, coincidindo coa exposición do voceiro socialista, tamén coidan que, con independencia do informe técnico que dá por suposto que o feito de que na comisión de avaliación apareza persoal da Área de Cultura, Educación e Deportes, esa denominación leva implícito a asistencia á comisión de avaliación dun funcionario de cada sección, á súa forma de interpretalo non necesariamente o leva implícito.

Di que falan de interpretacións e está claro que teñen un informe que di que si o leva implícito, pero é o mesmo que falaban onte, ela, como usuario ou como persoa que le esta convocatoria ve que se fala de persoal da Área de Cultura, Educación e Deportes, e non ten por que entender que vai un de cada sección.

Insisten no mesmo, non exime de que se vaian abster neste punto, pero coidan que sería moito máis clara a redacción do ano pasado. E coa desagregación dos criterios de avaliación tamén gañarían en transparencia, non se modifica nada, non se toca nada, unicamente se aclara déixase máis claro. Non cre que sexa prexudicial, todo o contrario, cre que sería moi beneficioso e nas súas mans está incluílo.

Conclúe dicindo que se van abster.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, manifesta que se van abster.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que vai apoiar a proposta.

Concedida a palabra a don Fernando Caride Suárez manifesta que, comezando polo final, polo que comentaba a concelleira de EU respecto da composición da comisión, a priori entenden que xa se resolve calquera dúbida que poida haber, de todas maneiras, de darse o caso de que a alguén non lle quedara claro, hai un informe que deixa claro cal ten que ser a composición. En todo caso, de cara á convocatoria do ano próximo non hai problema en incluílo, xa que ao constar nun informe como debe ser a composición, están no mesmo.

Respecto do que comentaban tanto o Sr. Rey como a concelleira de EU, de anexar os criterios, a mesma resposta que coas bases, non hai problema a priori. O que si lle gustaría aclarar, de cara á transparencia á que facía alusión o Sr. Rey, é que antes as

bases, con anterioridade ao 2011, non tiñan os mesmos criterios que teñen agora, había criterios de carácter subxectivo, que si eran dependentes da votación política. Cando entrou o actual Goberno no 2011, cambiou eses criterios e taxáronse todos nas táboas que lles fixo chegar, polo tanto, de cara á transparencia o Goberno o que fixo foi restarse ese peso para darllo matematicamente, non como se viña traballando os anos anteriores, de cara á transparencia, e para que todos os posibles beneficiarios das bolsas souberan matematicamente o que podían ou non podían xustificar ou chegar a percibir.

Di que iso si é transparencia, non a composición da comisión. A transparencia é que a xente teña claro que non hai unha parte subxectiva que dependa da votación da comisión, senón que dous máis dous son catro, e iso é o que se implantou a partir da chegada deste Goberno, deste equipo de goberno á Alcaldía.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que os reiterados comentarios do Sr. Caride respecto a gobernos anteriores, xa son anecdóticos, por cualificalos dalgún xeito. Aquí están dentro dun documento que se pon a consideración desta Corporación, deste grupo socialista, evidentemente non vai falar do pasado, do cal o Sr. Caride tampouco formaba parte.

De todas formas, en canto á subxectividade ou obxectividade á hora da valoración, dille que detrás deses criterios, incluso dos desagregados que se puxeron á súa disposición, sempre queda parte para a subxectividade, sempre, porque á hora, por exemplo, dun punto como pode ser a colaboración coas actividades municipais, que se valora ata 10 puntos, pode resultar que un técnico ou un político considere que a colaboración foi máis importante dunha asociación que doutra e a valore con 9 puntos, e a doutra a valore con 1. Sempre hai criterios de subxectividade, pero evidentemente, canto máis se recolla nas bases da convocatoria, máis os eventuais beneficiarios van ter os criterios claros de como se van aplicar ou a que criterios se van poder atinxir á hora de poder solicitar a subvención. Que despois os técnicos apliquen o criterio dunha forma xusta e técnica, como o Sr. Caride manifesta, el non o dubida, pero repítelle que aquí do que están falando é de que os beneficiarios destinatarios das subvención teñan suficientemente claros os criterios que se utilizan.

Conclúe dicindo que, polo tanto, cre que tanto as manifestacións da compañeira de EU como as súas propias en canto a recoller esa desagregación como un anexo, ou como parte incluso das bases, ten todo o fundamento, e tamén no que á comisión de avaliación se refire, en canto á súa composición, con independencia de que o técnico faga ese comentario, porque o que importa é o que sae publicado, como o Sr. concelleiro moi ben sabe, no *Boletín Oficial da Provincia*, non o que recolla un técnico no seu informe. Iso é o que dá claridade e transparencia a un proceso como este.

Concedida a palabra a don Fernando Caride Suárez maniféstalle ao voceiro socialista que efectivamente ten razón, a valoración que se facía da importancia das actividades que realizaban as entidades, anteriormente era un criterio subxectivo, pero como o Sr. voceiro ben sabe, unha das funcións dos técnicos é acudir aos actos que se realizan no concello, e o criterio de avaliación que fixou este Goberno, que antes non estaba fixado, reitérase niso, é polo público, a asistencia ou o impacto polo volume de xente que acude aos actos e actividades que realizan neste concello. Conclúe que, polo

tanto, hai un criterio cuantitativo, non subxectivo.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e o concelleiro presente do BNG.

A Corporación, por oito votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2014, que se achegan como anexo I, tal e como se transcriben a continuación:

BASES CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS A ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO 2014

Disposición xeral

Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para a concesión de subvencións municipais, de acordo cos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade para contribuír ao fomento de servizos e actividades que complementen ou suplan aos atribuídos á competencia municipal ou que, en xeral, contribúan ao fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do municipio.

A.- Obxecto da subvención

O obxecto da presente convocatoria é apoiar ás entidades municipais sen ánimo de lucro no desenvolvemento de actividades culturais, deportivas, educativas e festivas, así como na dotación de equipamentos que lles resultan necesarios, mediante a concesión de axudas económicas con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias do orzamento de 2014.

1. 324 48900 “ANPAS e Centros Escolares”.- Transferencias correntes a entidades sen fin de lucro para realizar actividades de promoción educativa, culturais e deportivas nos centros de educación do concello. Consignación 8.000,00 euros
2. 334 48900 “Entidades culturais non lucrativas”.- Transferencias correntes a entidades sen fin de lucro para realizar actividades culturais. Consignación 25.000,00 euros
3. 341 48900 “Entidades deportivas non lucrativas”.- Transferencias correntes a entidades sen fin de lucro para realizar actividades deportivas. Consignación 22.000,00 euros
4. 334 780 “Transferencias capital entidades culturais”.- Transferencia de capital a entidades culturais sen fin de lucro para investimentos en equipamento e/ou infraestrutura. Consignación 4.000,00 euros
5. 341 780 “Transferencias capital entidades deportivas”.- Transferencia de capital a entidades deportivas sen fin de lucro para investimentos en equipamento e/ou infraestrutura deportiva. Consignación 7.000,00 euros

6. 338 48900 "Outras entidades non lucrativas".- Transferencias correntes a entidades sen fin de lucro para a organización de festas parroquiais e outras actividades de interese xeral ou sectorial. Consignación 25.000,00 euros

Con esta convocatoria o concello de Cambre apoia a realización de actividades de distinta índole, deportivas, culturais, lúdicas... que contribúan a un maior benestar xeral, fomenten a participación da cidadanía en cada ámbito de actuación e cuxos destinatarios sexan maioritariamente de ámbito municipal. En ningún caso serán subvencionables as actividades que se organicen conxuntamente co concello ou nos que colabore de forma económica.

B.- Beneficiarios

Podrán optar a estas subvencións as entidades ou asociacións xuridicamente constituídas e inscritas no rexistro municipal de entidades veciñais do Concello, os comités veciñais e as ANPAS e centros educativos do concello de Cambre, que cumpran os seguintes requisitos:

1. - Carecer de fins de lucro.
2. - Desenvolver a súa actividade dentro do termo municipal de Cambre.
3. - Non ter pendente de xustificar a subvención municipal concedida no exercicio anterior, e no caso de que así fose, ter concedida unha prórroga ou ter desistido de forma motivada e por escrito.
4. - Estar ao día nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social.
5. - Ter un mínimo de 15 socios (agás as entidades que pola súa natureza non lles sexa de aplicación).
6. - Ter actualizados os datos no antedito Rexistro municipal, tendo en conta que toda modificación deberá comunicarse no mes seguinte ao seu acontecemento; e o orzamento e o programa anual de actividades comunicaranse no mes de xaneiro de cada ano, ou realizado no prazo de presentación da solicitude de subvención.
7. - Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de beneficiario de subvencións (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións).

C.- Documentación

As solicitudes de subvención presentaranse no rexistro de entrada do Concello, no modelo normalizado que se facilitará neste mesmo rexistro ou nas seccións de Cultura e Deportes, e no que constará:

- 1.- Memoria explicativa da actividade ou investimento a realizar no exercicio 2014, e para a que se solicita a subvención e no que se fará constar, de forma cuantificada os obxectivos que se han de acadar con estas actividades, con mención especial ao número de beneficiarios/participantes, número de actividades e días nos que se desenvolverán.
- 2.- No suposto de investimento en inmobles deberá acreditar calquera destas condicións:
 - A titularidade do inmovble se a entidade é a propietaria.
 - A autorización e cesión do uso do inmovble, por parte dos propietarios a prol da entidade sen fin de lucro, cunha duración mínima de cinco anos a contar dende o ano 2014.
 - Ou a autorización para facer o investimento, cando os propietarios sexan entidades de carácter social ou relixioso, ou no caso de inmovble municipal do órgano municipal competente.

3.- Orzamento de gastos e forma de financiamento previsto, na que se fará mención específica ao importe da subvención solicitada ao concello, e as solicitudes ou concesións doutras subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo fin.

4.- Os comités veciñais presentarán, ademais, a acta fundacional coa relación dos seus compoñentes, unha fotocopia do CIF solicitado para o efecto e certificación da conta bancaria aberta para a finalidade.

5.- Autorización para recadar datos da Axencia Tributaria de estar ao corrente das súas obrigas tributarias.

6.- Declaración de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

O departamento correspondente revisará os expedientes de solicitude e verificará que conteñan a documentación esixida. Se resultase que a documentación está incompleta ou defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de DEZ días a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.

D.- Prazo de solicitude

O prazo para presentar as solicitudes é dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte á publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

E.- Importe

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal cantidade que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, e dos ingresos propios para o mesmo obxecto supere o custo total da actividade que vai ser realizada polo beneficiario.

Con carácter xeral, o importe da subvención municipal a conceder será como máximo do 80% do custo total da actividade, sen prexuízo de que o Concello poida variar esta porcentaxe en función do interese da actividade subvencionada, xustificándoo debidamente no expediente, polo órgano xestor da subvención.

En todo caso, o importe máximo a subvencionar por solicitante e obxecto será de 3.000,00 euros.

Establécese un coeficiente de financiamento do 80%, e así, o importe que se ha de xustificar para poder cobrar a totalidade da subvención concedida será o resultado de dividir o importe desta subvención por 0,80.

F.- Concesión das subvencións

1.- Previamente á concesión, comprobarase de oficio que as entidades solicitantes non teñen débedas tributarias pendentes.

2.- Tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva, e resolverá o outorgamento das subvencións o Alcalde ou, en caso de delegación, os concelleiros das áreas correspondentes, logo da proposta da Comisión de Avaliación.

A Comisión de Avaliación estará formada por:

Presidente: Alcalde ou persoa en quen delegue
Secretaría: Secretaría xeral ou funcionario en quen delegue
Vogais: Interventora ou funcionario en quen delegue
Concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación
Concelleiro de Cultura e Turismo
Concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado
Persoal da área de Cultura, Educación e Deportes

G.- Criterios de avaliación

Os criterios para a concesión das axudas serán os seguintes:

- 1.- Representatividade no municipio, gozando de especial preferencia aquelas entidades que colaboraron, durante o 2013, en actos/actividades organizadas polo concello de Cambre. (30 puntos)
- 2.- Número de actividades/competicións, participantes/ beneficiarios empadroados no concello e horas de actividade, así como o interese xeral ou sectorial da actividade. (25 puntos)
- 3.- Capacidade económica autónoma e no que se distinguirá (ata 20 puntos):
 - A porcentaxe do proxecto subvencionada por este concello durante o 2013.
 - A porcentaxe que supón o importe solicitado ao concello de Cambre para o proxecto do 2014.
 - A porcentaxe que supoñen outros ingresos en concepto de achegas realizadas por patrocinadores privados e cotas de socios/participantes.
- 4.- Carácter periódico ou permanente das actividades subvencionadas excepto que se trate de actos concretos e de carácter puntual que inciten á participación social, cultural ou deportiva (10 puntos)
- 5- Actividades nas que se acredite a participación de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social. (10 puntos)
- 6.- Organización de actividades, obxecto desta subvención, que favorezan a conciliación da vida laboral e familiar (5 puntos)

H.- Obrigas do beneficiario

As entidades subvencionadas terán que:

- 1.- Realizar a actividade ou adquirir os equipamentos para o que se outorgou a subvención.
- 2.- Acreditar o cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención, coa presentación en prazo da documentación xustificativa prevista na base K.
- 3.- Someterse ás actuacións de comprobación do Concello e ás de control financeiro que corresponde á Intervención municipal.
- 4.- Comunicarlle ao Concello, tan pronto como teñan coñecemento, a concesión doutras subvencións concorrentes por parte doutras administracións ou entidades privadas para a mesma finalidade.

5.- Sinalar na difusión que se faga das actividades que contan co financiamento do Concello coa expresión “subvenciona Concello de Cambre”. A lingua que se empregará nos distintos soportes de difusión da actividade será o galego. A publicidade de que a actividade da entidade conta coa subvención do Concello, deberá constar sempre nas sedes das entidades respectivas en lugar visible, durante un período dun ano contado dende o día seguinte ao de data de notificación da subvención concedida, e en todo caso no lugar onde se desenvolva a actividade subvencionada, segundo o modelo do cartel que se aproba xunto coas seguintes bases. En caso de que se subvencionen investimentos en bens inmobles o cartel deberá constar en lugar visible no inmovible respectivo durante un período dun ano. No caso de que a entidade teña web propia deberá facer constar na mesma a colaboración do Concello ao publicitar as actividades.

6.- Asumir todas as responsabilidades legais e civís das actividades que se realizan.

7.- Cumprir con calquera outra obriga reflectida no artigo 14 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

O incumprimento dalgunha destas obrigas poderase resolver coa suspensión do pagamento da subvención ou coa apertura do expediente de reintegro da subvención indebidamente percibida.

I.- Notificación e publicidade da resolución

A resolución da concesión de subvencións será notificada a todos os solicitantes de forma fidedigna, nun prazo máximo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes.

A relación de subvencións concedidas baixo esta convocatoria, publicarase no taboleiro de anuncios do concello e na web oficial do concello de Cambre (<http://www.cambre.org>) con expresión da convocatoria, beneficiarios e achegas percibidas, nun prazo máximo dun mes a partir da data de resolución do programa.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderanse formular os recursos que procedan.

K.- Xustificación

K.1. Documentación xustificativa:

Os peticionarios deberán xustificar a realización da actividade ou proxecto subvencionado mediante a presentación no rexistro de entrada do concello, do modelo normalizado de xustificación que contera:

1.- Unha memoria xustificativa do programa realizado que avalíe os resultados e que terá os seguintes contidos:

- ⊖ Certificación da realización do programa/investimento
- ⊖ Localización e influencia territorial das actividades
- ⊖ Número de actividades realizadas, días da súa realización e usuarios das mesmas.
- ⊖ Valoración dos obxectivos propostos e resultados obtidos
- ⊖ Desviacións respecto das previsións iniciais

2.- Fotografía do Cartel en modelo normalizado colocado en lugar visible na sede da entidade,

ou lugar que se estableza no apartado H.-5 das bases, demostrativo de que se efectúa a difusión da subvención concedida, tal e como se esixe nas presentes Bases.

Tríptico ou similar, no que se divulgue e promocióne a actividade/ investimento e no que debe figurar o Concello de Cambre como entidade subvencionadora tal e como se refire o apartado H-5 das bases. En caso de non terse editado ningún material publicitario, deberá indicarse este extremo.

3.- Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor, dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos (número de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión e de pagamento).

Admitiranse xustificantes correspondentes a actividades ou investimentos realizados entre o 1 de xaneiro de 2014 e o 31 de decembro de 2014.

4.- Facturas orixinais ou copias debidamente compulsadas:

As facturas deberán especificar de forma detallada, o número e características dos servizos prestados ou do material adquirido, prezos unitarios así como calquera outra información que facilite a comprobación de que estes documentos se axustan ao obxecto da subvención. Non se admitirán como xustificante de gasto, as facturas nas que non se detallen os anteditos aspectos.

a.- As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades de calquera natureza, que xeren gastos de persoal, xustificaranse mediante nóminas, e os demais gastos correntes coas correspondentes facturas ou, en ambos os dous casos, coas súas fotocopias debidamente compulsadas.

b.- As subvencións que teñan por finalidade a realización de investimentos en bens de equipo xustificaranse coa factura orixinal ou fotocopia debidamente compulsada dos provedores.

c.- As subvencións que teñan por finalidade a realización de obras xustificaranse, coas facturas orixinais ou fotocopias compulsadas que expida o contratista e coa certificación asinada por un técnico colexiado competente no caso de obras de importe superior a 30.000,00 euros.

Deberá estenderse no orixinal da factura unha dilixencia na que se faga constar que a factura foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención por parte do concello de Cambre. No caso de presentar fotocopias, deberá estenderse a dilixencia antes de facer a copia.

5.- Declaración da totalidade das axudas públicas ou privadas solicitadas, e das concedidas durante o ano 2014 para o mesmo obxecto, así como dos ingresos propios afectados á actividade ou investimento subvencionado ou pola contra, declaración de non ter outras axudas para o mesmo obxecto.

6.- Declaración dos ingresos propios obtidos e afectados á actividade ou investimento subvencionado.

7.- Documento de datos fiscais da entidade actualizados, tales como denominación completa, CIF, domicilio social e número de conta para os efectos do pagamento da subvención, debidamente asinado polo presidente e o tesoureiro da entidade.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección. Pasado o dito prazo archivarase a solicitude e non terá dereito a reclamación.

O concello de Cambre poderá requirir da entidade beneficiaria a documentación que estime pertinente para os efectos de comprobar o cumprimento da finalidade da subvención.

K.2 Prazo de xustificación

O prazo de xustificación comeza a contar dende o día seguinte á comunicación da concesión da subvención, e rematará o 31 de xaneiro de 2015. Este prazo poderá prorrogarse ata un máximo de quince días máis por pedimento do solicitante ou por proposta razoada da unidade xestora.

De non presentar a xustificación dentro do prazo establecido nestas bases ou na prórroga autorizada, ou non desistir de forma motivada e por escrito dentro do mesmo prazo, entenderase que renuncia á subvención concedida.

Estes prazos, así como o de presentación de solicitudes, entenderanse sen prexuízo do prazo de dez días, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación.

K.3 Gastos subvencionables.

1.- Considéranse gastos subvencionables aqueles que sen lugar a dúbidas respondan á natureza da actividade subvencionada, teñan relación directa co obxecto que se subvenciona, se axusten aos conceptos relacionados na solicitude, e se realicen dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2014.

En particular teranse en conta as seguintes regras:

- a) Non se admitirán facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde.
- b) Nas viaxes culturais, poderán xustificarse gastos de desprazamento e aloxamento, pero nunca de alimentación.
- c) En xeral, non se admitirán como gastos as facturas relativas a alimentos e bebidas, agás os produtos típicos das celebracións tradicionais de Nadal, Entroido, Magosto, Primavera, San Xoán e Romarías tradicionais históricas.
- d) O importe que se xustifique en concepto de gastos correntes de administración xeral (alugueres, pólizas de seguros, luz, gas, auga, teléfono, consumibles de oficina, etc.) non poderá superar o 20% do importe total do presuposto a xustificar, e debe xustificarse a súa relación directa co obxecto subvencionado.
- e) Non se admitiran como gasto aqueles que correspondan a atencións protocolarias.
- f) En ningún caso se admitirán como xustificante de gastos as cantidades satisfeitas ao Concello en concepto de tributos municipais, como é o caso das taxas por utilización das súas instalacións deportivas, nin en concepto de prezos públicos.
- g) En ningún caso se admitirán como xustificante de gastos os relativos á celebración das festas de fin de curso nos centros escolares.
- h) Os gastos que se xustifiquen mediante "liquidación de indemnizacións en concepto de desprazamento" deberán axuntar documentación complementaria que acredite que as liquidacións se corresponden coa actividade subvencionada (trípticos, calendarios de actividades/ competicións, certificacións de asistencia...). Nas liquidacións deberán

constar obrigatoriamente os seguintes datos: as datas do/s desprazamentos e os quilómetros percorridos, o lugar de inicio e destino de cada un dos desprazamentos, así como o motivo do desprazamento.

2.- Cando o importe do gasto subvencionable supere a cantidade de 12.000,00 euros na subministración de bens de equipo ou servizos de asistencia técnica, ou 30.000,00 euros en obras de infraestrutura e equipamento, a entidade deberá solicitar como mínimo tres orzamentos de diferentes provedores (salvo que polas características do gasto non exista mercado suficiente ou salvo que o gasto se realizase antes da solicitude de subvención), debendo xustificarse expresamente cando non recaia na empresa máis vantaxosa.

L.- Pagamento da subvención

Vista a documentación xustificativa presentada, logo do informe-proposta das Áreas de Cultura, Educación e Deportes e do informe de fiscalización da intervención municipal, o órgano competente valorará se se cumpríu a finalidade básica obxecto da subvención e neste caso, aprobará os xustificantes presentados e ordenará o pagamento.

O importe que se ha de xustificar para poder cobrar a totalidade da subvención concedida será o resultado de dividir o importe desta subvención por 0,80.

- 1.- No suposto de presentar a totalidade da documentación xustificativa, que se certifique o cumprimento dos obxectivos con respecto ás previsións iniciais, e se xustifique o 100% do importe que se ha de xustificar, aboarase a totalidade da subvención.
- 2.- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100% e, polo menos do 45% do importe que se ha de xustificar, aboarase a parte proporcional da subvención.
- 3.- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 45% do importe que se ha de xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa subsanación. Pasado o dito prazo arquivarase a solicitude e non terá dereito á reclamación.

O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

Excepcionalmente, e unha vez comunicada a concesión das subvencións, as entidades que sexan beneficiarias dunha subvención, poderán presentar unha solicitude razoada de anticipo do importe concedido, no Rexistro xeral deste Concello. A aprobación dos anticipos realizarase por resolución de Alcaldía e estará condicionada a:

- a) Informe xustificativo emitido polo responsable do servizo.
- b) Proposta do concelleiro delegado da área que corresponda.
- c) Constitución dunha garantía por importe do anticipo a favor do Concello de Cambre.

Disposición adicional primeira

Para o non previsto nesta convocatoria será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o R.D. 887/2006 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as bases para a execución do orzamento xeral do Concello de Cambre, e demais normativa aplicable.

Segundo: Aprobar os modelos normalizados de solicitude, xustificación e cartel demostrativo da difusión da contribución do concello ás actividades, e que se achegan como anexos II, III e IV respectivamente.



Anexo II

FORMULARIO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN MUNICIPAL 2014 (cada entidade cubrirá un por aplicación)

DATOS DA ASOCIACIÓN:

Entidade:.....CIF:.....
Enderezo:..... Parroquia:.....
CP:..... Tlf:..... núm. Rex. Municipal:.....
Representante:.....Tlf:.....

Solicita:

324.48900 Transferencias correntes a ANPAS e centros educativos para realizar **actividades culturais e deportivas nos centros de educación do concello.**

334.48900 Transferencias correntes a entidades sen fin de lucro para realizar **actividades culturais.**

341.48900 Transferencias correntes a entidades sen fin de lucro para realizar **actividades deportivas.**

334.780 Transferencia de capital a entidades sen fin de lucro para **investimentos en equipamento e/ou infraestrutura cultural.**

341.780 Transferencia de capital a entidades sen fin de lucro para **investimentos en equipamento e/ou infraestrutura deportiva.**

338.48900 Transferencias correntes a entidades sen fin de lucro para a **organización das festas parroquiais e outras actividades de interese xeral ou sectorial.**

De conformidade coas bases publicadas no BOP núm. , de de de 2014

Cambre, de de 2014

Asdo.:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CAMBRE



**MEMORIA- RESUMO
(2014)**

Actividade/ equipamento/ obra:

(a cubrir un por cada actividade, equipamento ou obra)

.....

Descrición:

.....
.....
.....
.....
.....

Programación a desenvolver e obxectivos a acadar coa actividade/ investimento:

a) Obxectivos da actividade:

-
-
-

b) Número de participantes/ beneficiarios:.....

c) Calendario das actividades:

- Periodicidade:.....
- Meses/días:.....
- Lugar/ instalación:.....

d) Cota actividade:.....

e) Colectivo de actuación:.....

f) Conta a actividade con participantes discapacitados ou en risco de exclusión social? (no caso de ser afirmativo indique cantos e as actividades nas que participan)

.....
.....

No suposto de investimentos en inmobles que non sexan de propiedade municipal, deberase axuntar acreditación de calquera das condicións recollidas no apartado C.2) das bases da convocatoria.

Outra información de interese:

.....
.....
.....



RELACION DE INGRESOS PERCIBIDOS NO ANO 2013, a efectos de baremación do punto G-3:

Xustificou ante o Concello de Cambre o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou disfrute da subvención durante o 2013:

- Sí
- Non
- Non se solicitou subvención no 2013

INGRESOS PERCIBIDOS NO EJERCICIO 2013	IMPORTE
Subvención Municipal	
Subvención Deputación	
Subvención Xunta	
Cotas participantes	
Achega entidade	
Outras achegas (patrocinadores...)	
Total ingresos	



D/D^a.....con DNI nº:.....

Como secretario/a da entidade.....

Á vista das bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2014, publicadas no BOP núm. , de de 2014.

CERTIFICA:

- 1.- Que esta entidade acordou presentar a correspondente solicitude.
- 2.- Que o número de socios, desta entidade, a día de hoxe é de:.....
- 3.- Así mesmo, acordou nomear a D./Dna.
como representante para as relacións desta entidade co concello.

Vº e prace
O/A presidente/a

O/A secretario/a

D./Dna. , con
DNI:.....

Como Presidente da entidade.....

DECLARA:

- 1.- Que a entidade á que represento está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 2.- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de beneficiario de subvención (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións) e que coñezo e acepto as bases da convocatoria de referencia.

Cambre, de.....de 2014

Sinatura,



(Só para os comités organizadores / veciñais)

COMITÉ ORGANIZADOR / VECIÑAL.....

Este Comité organizador/veciñal asume o compromiso de execución, durante o ano 2014 da
.....
..... cunha
implicación económica proporcional entre os participantes.

Así mesmo, o comité acordou nomear representante para as relacións co concello a D./Dna.
.....

NOME	D.N.I	DOMICILIO	SINATURA

Deberase achegar:

- fotocopia do CIF do comité ou do representante.
- certificado da conta bancaria aberta para a finalidade.



MODELO DE AUTORIZACIÓN DO INTERESADO PARA QUE UNHA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA POIDA RECABAR DATOS Á AXENCIA TRIBUTARIA DE ESTAR AO CORRENTE NO CUMPRIMENTO DAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS (concesión de axudas e subvencións)

A persoa abaixo asinante autoriza ao CONCELLO DE CAMBRE a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas tributarias para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos para obter, percibir e manter a subvención ou axuda para.....durante 2014.

A presente autorización outorgase exclusivamente aos efectos do **recoñecemento, seguimento e control** da subvención ou axuda mencionada con anterioridade e en aplicación do disposto pola Disposición Adicional Cuarta da Lei 40/1998, que mantén a súa vixencia trala entrada en vigor do Real Decreto Lexislativo 3/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, e o artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que permiten, previa autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as AA.PP. para o desenvolvemento das súas funcións.

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE DA AXUDA DETALLADA:

Nome/ Razón social:.....

CIF:.....

DATOS DO AUTORIZADOR:

Nome e apelidos:.....

NIF:.....

Actúa en calidade de:.....

Sinatura:.....

Cambre,..... de 2014

Nota: A autorización concedida polo asinante poderá ser revocada en calquera momento mediante escrito dirixido ao Concello de Cambre



Anexo III

FORMULARIO DE XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN MUNICIPAL 2014

(cada entidade cubrirá un por subvención)

Achégolle a/s memoria/s resumo da/s actividade/s, equipamento ou obra, e as fotocopias compulsadas das facturas orixinais, coa finalidade de xustificar a subvención concedida á entidade: _____

(CIF: _____) por importe de: _____ euros.

<p>Total xustificado:</p> <p>_____ euros</p>

- Actividades culturais ou deportivas nos centros de educación
- Actividades culturais
- Actividades deportivas
- Investimento/ equipamento cultural

- Investimento/ equipamento deportivo
 - Actividades de interese xeral ou sectorial/ festas parroquiais
-

De conformidade coas bases publicadas no BOP núm. nº , do de de 2014

Cambre, ____ de _____ 2014

Asdo.: _____
relación coa entidade

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CAMBRE

A este formulario debe achegarlle os xustificantes de gastos, así como carteis ou trípticos de promoción das actividades onde figure o concello como entidade patrocinadora



D./ Dna. _____ con DNI: _____,

como secretario/a da entidade _____

CERTIFICA:

Que se cumpriu a finalidade da subvención mediante a realización das actividades /investimentos para as que foi concedida, tal e como se reflicte na memoria xustificativa, que se achega a continuación.

E para que conste, para os efectos de xustificación do cobro da subvención referida, expídese a presente certificación en _____ a _____ de _____ 2014.

V.º e prace

O/A secretario/a

O/A presidente/a



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO PROGRAMA/ INVESTIMENTO REALIZADO

Localización e influencia territorial:

Número de beneficiarios da actividade / investimento:

Actividades realizadas con relación de datas e programa das mesmas:

-
-
-
-
-
-

Valoración dos obxectivos propostos e resultados obtidos:

Desviacións respecto das previsións iniciais:

Gastos previstos (en solicitude)	
Gastos efectivamente realizados	
Diferenza	
Desviación respecto de previsións iniciais	%



D./ Dna. _____ con DNI: _____, como secretario/a da entidade _____

CERTIFICA:

- 1.- Que durante o 2014 esta entidade obtivo unha subvención do Concello de Cambre para _____ por un importe de _____ euros.
- 2.- Que para o mesmo obxecto, obtivo, ademais as seguintes subvencións (*achegarase copia da concesión da subvención no seu caso*)

ENTIDADES CONCEDENTES	IMPORTE
TOTAL SUBVENCIONS RECIBIDAS	

NON RECIBIU NINGUNHA OUTRA SUBVENCION

- 3.- Que están pendentes de resolución de concesión ou denegación as seguintes subvencións solicitadas:

ENTIDADES	IMPORTE
TOTAL SUBVENCIONS	

- 4.- Que se obtiveron os seguintes ingresos en concepto de cotas e/ou outros ingresos afectos ás actividades:

ACTIVIDADE	COTAS/OUTROS INGRESOS
TOTAL	

E para que conste, para os efectos de xustificación do cobro da subvención referida, expídese a presente certificación en _____ a _____ de _____ de 2014.

Vº e prace

O/A secretario/a

O/A presidente/a

Terceiro: Publicar as bases no *Boletín Oficial da Provincia*, no taboleiro de anuncios do concello e comunicar, mediante cartas personalizadas, a todas as asociacións inscritas no Rexistro Municipal a publicación destas bases.”

2.3. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Este punto non foi utilizado.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. Declaracións institucionais

Este punto non foi utilizado.

3.2. Mocións dos grupos municipais

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción conxunta presentada polos grupos municipais do PSdeG-PSOE e EU. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezaoito votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, explica que esta moción foi presentada polo grupo socialista de Cambre, así como por EU, e basicamente coincidían tanto na forma como no fondo. Tendo en conta iso, decidiron refundila e presentar unha moción conxunta, como teñen feito noutras ocasións e, se houbera outros grupos que nese sentido presentaran unha moción en similares termos, non terían ningún problema en unificala entre todos e presentala conxuntamente.

A) Moción conxunta do grupo municipal do PSdeG-PSOE e do grupo municipal de EU relativa a adoptar, de xeito inmediato, un plan específico de apoio á alimentación infantil que inclúa o servizo de comedor nos centros educativos públicos do concello

Consta do seguinte teor literal:

“O pasado día 11 de xuño, o Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade unha proposición non de lei na que se resolve que *‘O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a levar a cabo as medidas necesarias para evitar que ningún neno ou nena careza de alimentación ou sustento necesario por estar en situación de vulnerabilidade, poñéndose en marcha convenios cos concellos interesados,*

podéndose usar as instalacións dos centros educativos en colaboración cos servizos públicos de benestar”.

A longa e profunda situación económica e social que vimos padecendo, xunto cunha política descontrolada, de austericidio, por parte dos gobernos central e autonómico do Partido Popular, de recortes sociais e desmantelamento dos servizos públicos básicos e dereitos conquistados nos últimos anos, está a provocar un preocupante aumento da pobreza no noso país. Pero o máis grave é que o risco de pobreza afecta sobre todo aos nenos e nenas. Un recente informe da organización Save The Children cifraba en case que tres millóns, o número de nenas e nenas en situación de pobreza.

Desgraciadamente, España ostenta o título de ser unha das sociedades máis desiguais de Europa. Así o reflicten numerosos informes como o que recentemente vén de publicar o Instituto Nacional de Estatística, que indica que practicamente un de cada tres cidadáns está en risco de pobreza ou exclusión social e que un de cada catro menores de dezaseis anos vive por debaixo do albor da pobreza. As cifras de privación material severa, de baixa intensidade de emprego nos fogares e de pobreza relativa, son dramáticas. Segundo os datos oficiais, en Galicia hai 93000 familias con todos os seus membros en paro; o 23% da poboación atópase en situación de pobreza, 33000 familias sobreviven sen ningún tipo de ingreso e un 26% dos fogares con menores a cargo están en risco de exclusión social.

A pobreza infantil estase a facer cada vez máis intensa, aumentando a distancia entre as rendas dos pobres e o albor da pobreza. Dito doutro xeito, e tal e como apuntan organizacións como UNICEF ou a Cruz Vermella: cada vez hai máis nenos ou nenas pobres e cada vez son máis pobres. Calquera dato negativo que acheguemos, desgraciadamente, serán cifras en constante progresión. As políticas públicas ben orientadas poden facer moito pola infancia para contrarrestar os efectos das devanditas situacións de pobreza. O informe de UNICEF sobre pobreza infantil chega á conclusión de que canto maior sexa a porcentaxe de gasto dos gobernos en políticas de atención ás familias e prestacións sociais, menor e máis baixa é a taxa de pobreza infantil.

O déficit alimentario afecta ao desenvolvemento físico e intelectual do menor. O impacto da mala nutrición ou a falta de estímulos educativos en idades temperás pode ter consecuencias de difícil e custoso arranxo. O profesorado galego, ao igual que os representantes das asociacións de nais e pais, relatan a existencia dun número importante de sinais de alarma sobre a situación que atravesan moitos fogares galegos: nenos e nenas que acoden ao colexio sen almorzar, episodios de mareos e mesmo desmaios entre o alumnado durante a xornada escolar, rapaces que comen de xeito compulsivo no comedor escolar, repetindo varias veces o menú, baixada inxustificada no rendemento académico, etc., síntomas todos eles evidentes de que a pobreza infantil está a deixar xa unha fonda pegada na vida de moitos nenos e nenas de Galicia. Fronte a esta situación hai concellos que están a poñer en marcha políticas sociais que funcionan e outros que non.

Os servizos de comedores escolares permitiron mitigar esta realidade durante o curso escolar, pero atopámonos ante un período vacacional incerto no que esta necesidade pode quedar desatendida ao pechar o centro escolar, e por tanto o servizo de

comedor. O curso escolar, nos seus niveis obrigatorios, rematou o día 20 de xuño e moitas familias galegas non saben como poder garantir unha axeitada alimentación para os seus fillos e fillas nos meses non lectivos, diante da grave situación socioeconómica pola que están a atravesar, á que o noso concello non é alleo. É por todo isto que, tanto os Socialistas de Cambre como Esquerda Unida de Cambre, consideramos que este servizo directo de atención no comedor debe manterse en etapas de vacacións escolares, mediante un plan específico.

Segundo a ONG Educo, as vacacións escolares deixarán este verán milleiros de nenos sen a única comida completa do día, a que recibían nos comedores escolares. Mesmo a Defensora do Pobo, dona Soledad Becerril, solicitou a todas as Consellerías de Presidencia das comunidades autónomas que os comedores escolares atendan este verán aos menores en situación de vulnerabilidade.

Por todo o anterior e tendo en conta a situación de urxencia e emerxencia que poidan ter que atravesar familias do noso concello, os grupos municipais do Socialistas de Cambre e Esquerda Unida presentan ante o Pleno a seguinte proposta de acordos:

Primeiro: Instar ao Goberno municipal a poñer en marcha, de maneira inmediata, un 'Plan específico de apoio á alimentación infantil que inclúa o servizo de comedor nos centros educativos públicos do concello' que conteña as medidas e recursos suficientes para garantir que as familias con menores ao seu cargo, que se atopen en situación de precariedade, teñan cubertas as súas necesidades básicas de alimentación, e garantir o acceso dos menores, polo menos, a tres comidas diarias, facilitando o acceso a unha dieta o máis equilibrada posible para evitar problemas de malnutrición infantil, habilitando para iso todos os medios a disposición das administracións públicas, en colaboración coas entidades do terceiro sector, e tendo en conta a contorna familiar e o plan escolar.

Segundo: O Pleno do Concello de Cambre insta ao Goberno da Xunta de Galicia a poñer en marcha os mecanismos e actuacións necesarios para ofrecer, dende a finalización do curso escolar no mes de xuño de 2014, o servizo de comedor durante as vacacións nos centros educativos precisos no Concello de Cambre, e dar así cumprimento ao acordo plenario unánime acadado no Parlamento de Galicia, e que ademais poidan complementar a oferta de actividades infantís programadas en períodos vacacionais."

Faise constar, que tras iniciarse o debate desta moción auséntase do salón de sesión don Fernando Caride Suárez, concelleiro do PP.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, manifesta que quere empezar felicitando aos grupos que presentan esta moción, tanto PSOE como EU, pola súa preocupación por un tema tan grave e, ao mesmo tempo, un tema tan comentado en todos os medios de comunicación.

Expón que desta moción ela pode compartir o comezo da exposición, totalmente, o que se aprobou no Parlamento de Galicia, pero pasa a relatar porque non a pode compartir totalmente.

Di que non a comparte totalmente porque, segundo o seu criterio e o de moitas outras persoas que a continuación relatará, cre que os comedores en verán, a creación deses comedores, supón unha medida excluín-te e estigmatizante. Non o di ela soamente, tamén o di o informe das traballadoras sociais de Cambre que a continuación vai pasar a ler e que, despois de dicir todo o que se está facendo no departamento, din que tras facer un estudo e diagnose das necesidades das familias usuarias dos Servizos Sociais, non se detecta a existencia de familias en situación extrema de pobreza. No suposto de situación de urxente e grave necesidade, a ordenanza regula, no artigo 15, axudas para ese tipo de situacións. E, para terminar, o informe di que, por todo o exposto, e xa que un dos obxectivos dos Servizos Sociais é promover a integración, a normalización da poboación en risco de exclusión social, o equipo técnico valora que a creación dun comedor para os nenos das familias usuarias, suporía unha medida excluín-te e estigmatizante.

Continúa dicindo a Sra. concelleira que, así mesmo, tamén o di a Fundación Amigos de Galicia, o Colexio Oficial de Traballadores Sociais, Cáritas, así como a Confederación de Anpas, tanto de colexios públicos como privados. Din que é unha medida que atenta contra a dignidade dos nenos, recomendan aumentar a partida de emerxencia social para que os nenos poidan comer no seu contorno, e nese sentido é no que están traballando en Cambre.

Dende o Goberno local, e en concreto dende o departamento de Servizos Sociais, coñecen de primeira man esta problemática. Como non podía ser doutra maneira, están realizando un traballo constante para apoiar a esas familias, poñendo en marcha unha serie de medidas para poder paliar no posible o problema. Dende o departamento vanse aumentar durante todo o verán os vales de alimentos ás familias con menores, para que os nenos poidan comer no seu contorno natural, que é a súa casa, coas súas familias, lugar idóneo segundo o informe das traballadoras sociais do concello.

Nos campamentos urbanos que comezan o 1 de xullo para conciliación da vida laboral e familiar, tamén se teñen incluído nenos con informes sociais, sen límite de prazas para eles, non houbo límite, todos os que se apuntaron con informes sociais poden acudir a ese campamento. Nese campamento está incluído o almorzo e unha pequena merenda a media mañá.

Polo tanto, di que se nesta moción quitan a parte, polo menos no que respecta a Cambre, relativa á apertura do comedor social, eles poden apoiala, incluso esixirlle e pedirlle á Xunta de Galicia que leve a cabo as medidas necesarias para evitar que ningún neno e ningunha nena careza de alimentación ou sustento necesario por estar en situación de vulnerabilidade, poñendo en marcha convenios con concellos interesados. Di que ela iso si que o apoia totalmente e o reclama dende aquí, co que non está de acordo é con que se abran uns comedores sociais para nenos de asuntos sociais, simplemente iso.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, agradécelle á Sra. concelleira o seu talante de intentar chegar a acordos, e dille que ela fálalle dunhas opinións dunhas técnicas, dunhas traballadoras sociais, e a verdade é que ao mellor non estaría de máis ter un informe asinado por esas traballadoras, pero dille

que non é que o diga a moción, senón que o di a Defensora do Pobo, que lle parece unha persoa con bastante sensatez e bastantes coñecementos para recomendar a todas as comunidades autónomas que se abran os comedores na tempada do verán, iso é o que di a Defensora do Pobo.

Despois hai multitude de informes, como se citaron nesta moción, e multitude de avaliacións, por organizacións que non son precisamente hordas marxistas nin xudeomasónicas, son organizacións moi responsables que indican a pobreza infantil e os problemas que dela se poden derivar.

El dille unha cousa, aínda que na actualidade non exista esa necesidade aquí en Cambre, el cre que si existe e vaille dicir o porqué, porque non deben agardar, dende logo, a que a fame chame á porta do concello, hai que ir por diante do problema e intentar atallar o problema. É unha sensibilidade que cre que comparten con ela.

Segue dicindo que eles o que tratan é de que se aprobe o que aprobaron por unanimidade os grupos no Parlamento de Galicia, onde din que logo dos informes de Asuntos Sociais, os informes aquí non os teñen. O que queren é que non haxa necesidades na poboación infantil de Cambre, porque claro que hai necesidades en Cambre. El, cos datos que lles transmite o Goberno, estivo mirando as resolucións da Alcaldía do mes de xaneiro, febreiro e marzo, e viu como dunha maneira máis que alarmante, como en ningún tempo no Concello de Cambre, estanse pedindo axudas económicas para distintas cuestións, para ir ao dentista, para o pan, para pagar a luz, para pagar a auga. Concretamente no mes de marzo pedíronse 76, no mes de febreiro 80 e no mes de xaneiro 59. Entón, si que hai necesidades, e cre que no sentido no que vai a moción, o tema da pobreza infantil, tamén hai necesidades. Por iso cre que iso debería vir avaliado cun informe documentado, cun informe das traballadoras sociais, sería importantísimo.

Continúa dicindo que o Concello de Cambre debe tomar a iniciativa, como ben dixo antes, a iniciativa para que isto non suceda, porque el non quere que nin un só neno de Cambre pase necesidades, e cre que iso non o pode certificar ningunha traballadora social neste momento. Cre, é unha opinión particular súa, que ninguén lle pode certificar que non haxa ningunha necesidade en ningún lugar de Cambre, polo que sexa, porque non queren manifestalo ou polo que sexa.

Conclúe dicindo que a moción, dende logo, pola parte de EU non se vai cambiar e, por outra parte, os compañeiros do Partido Socialista teñen a palabra para expresarse e o resto dos compañeiros igual.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, dille á Sra. concelleira do PP que a ver se lle quedou claro, entende que é a posición do seu Goberno, non a súa propia, cando dixo que a súa opinión é esa, supón que é a do seu Goberno.

Di que a Sra. concelleira fixo alusión á ordenanza de emerxencia social, unha vez máis, ao final van ter indo todos a emerxencia social, seguramente. Permítese lembrarlle que o artigo 15 ao que ela fai referencia, incluíuse a proposta precisamente do grupo socialista, porque o Goberno municipal tiña excluído as dotacións en

comedores escolares da ordenanza de emerxencia social. Di que están unha vez máis no mesmo, é dicir, é a oposición a que promove iniciativas e logo vén o Partido Popular coas rebaixas.

Continúa dicindo que eles non van modificar, evidentemente, nin un ápice da moción, porque entenden que responde absolutamente a unha realidade social, non sabe se detectable, porque facilmente detectable non é, porque a miseria custa que aflore, pero, en calquera caso, eles, como non pode ser doutro modo, van apoiar a moción integramente, e quere lembrarlle á Sra. concelleira que o Partido Socialista promoveu numerosas iniciativas en materia de universalización do servizo de comedores escolares ao longo da presente lexislatura, ata tres mocións e un voto particular presentado aos orzamentos do 2012.

Non subscribir a moción é tanto como negar unha realidade social, 2400 parados en Cambre, máis de 700 familias sen ingresos en Cambre, e dinlles que miren para outro lado.

Para concluír a súa intervención, pídelles ao Sr. alcalde que lle permita unha cita do filósofo Jean Paul Sartre, xa sabe que el prefire citar aos irmáns Marx. Dicía Sartre: a democracia ten responsabilidades profundas con aqueles que habitan nela e a súa maior responsabilidade é a educación, a distribución do ingreso, que ninguén pase fame, que ninguén sexa analfabeto e posibilidades de traballo para todos. Se a democracia non pode dar isto, pois iso, xa ven o que está pasando.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel manifesta que ela simplemente quere volver a recalcar que da moción está de acordo co que se aprobou no Parlamento de Galicia, está totalmente de acordo. Quizais nas grandes cidades poida ser necesaria esta medida, non o sabe, ela está en Cambre e fala de Cambre, e está aquí polos veciños de Cambre.

Reitera que ela fala de Cambre, non di que noutras zonas non sexa posible abrir uns comedores, non o comparte, pero non di que non poida ser unha solución. En Cambre, a día de hoxe, non. É máis, as recomendacións son que os nenos teñan unha maior axuda de emerxencia social, que xa o están facendo, xa están dando máis vales, estanse dando axudas de todo tipo a esas persoas que teñen necesidades neste momento, porque ela en ningún momento dixo que non houbera persoas con necesidades en Cambre, estánselles cubrindo. Estánselles pagando a luz, estánselles pagando o aluguer, estánselles pagando a auga, na medida en que a ordenanza municipal o permite, como é lóxico. Estánselles axudando en todo o posible.

Continúa dicindo que, simplemente, para ela abrir un comedor para nenos pobres, iso si que é algo detectable. Para ela sería moi triste ver unha fila de nenos que van a un comedor de nenos pobres. Iso si que é estigmatizar aos nenos e non mirar por eles. Di que dende o Departamento de Servizos Sociais vanlles axudar, para que as familias teñan máis alimentos en casa e poidan comer na súa casa coas súas familias, que é o seu lugar natural, as súas familias. Váiselles axudar nese sentido.

Ela, dende logo, con abrir comedores en Cambre non está para nada de acordo. Está de acordo co que se aprobou no Parlamento de Galicia, que o di ben claro. Como dixo

antes, o que fai o Parlamento de Galicia é instar, e eles, como Concello de Cambre, instar á Xunta de Galicia a levar a cabo as medidas necesarias para evitar que ningún neno ou nena careza de alimentación ou sustento necesario, poñendo en marcha convenios cos concellos interesados. Pódense usar instalacións dos centros educativos en colaboración cos servizos de benestar, pero pódense, non está dicindo que se abran todos os centros, haberá que facer unha valoración.

Di que ela leulles o informe do departamento de Servizos Sociais. É un informe que lle fixeron chegar a última hora da mañá, ela hoxe estivo en consellos escolares e foille imposible facérllelo chegar ao resto de concelleiros, pero non ten ningún inconveniente en facerlles unha copia, para que o lean e o valoren.

Conclúe dicindo que ela apoia toda a moción, exceptuando que, en Cambre, ela non está de acordo con que se abran os comedores escolares. Váiselles axudar ás familias, pero doutra maneira, non abrindo os comedores.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que el cre que non se pode dramatizar da maneira que o está facendo a Sra. concelleira. El cre que ninguén vai sinalar aos rapaces de Cambre por estar comendo no comedor. Pregunta que é máis importante, iso, ou que pasen fame, e tamén pregunta se alguén sinala á xente que vai a Servizos Sociais a pedir unha axuda.

A concelleira do PP intervéñ para sinalar que se trata todo con moita discreción.

Don Luis Miguel Taibo Casás pídelo que faga o favor, que non o interrompa.

O Sr. alcalde pídelo á Sra. concelleira que permita seguir ao concelleiro de EU.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que, como dixo antes, máis de 300 persoas foron en tres meses a pedir axudas sociais e ninguén as vai sinalar, aquí ninguén as vai sinalar. El cre que son bastante solidarios como para non sinalar a ninguén.

Pasoulle unha nota a súa compañeira sobre que o PP de Tarragona esconde aos mendigos. É mellor esconder o problema que solucionalo. El pensa que non, non se pode esconder, cando hai un problema evidente, hai que afrontalo, como ben dicía antes, e coller o toro polos cornos, nin máis nin menos, esa é a cuestión.

Respecto do que a Sra. concelleira dicía da Xunta de Galicia, dille que está contemplado que se abran os comedores escolares, claro que si está contemplado, pregunta por que non se van abrir se hai necesidade de que se abran, evidentemente.

El de verdade que non sabe se en Cambre hai algunha persoa que teña esa necesidade, pero pregunta se un informe xustifica que non haxa esa persoa en Cambre.

Á parte outra cuestión, agora hai dous meses de verán, e unha boa maneira para conciliar a vida laboral e familiar tamén é abrir os comedores, tamén é iso.

A Sra. concelleira di que para iso están os campamentos urbanos.

O Sr. alcalde roga orde.

O Sr. Taibo sinala que esa é outra alternativa que pode darse, os campamentos urbanos, pero tamén a apertura dos comedores é unha boa maneira de conciliar. Xa estaban comendo aí ata o mes de xuño, pregunta por que non van comer o mes de agosto e máis o mes de xullo. Pregunta por que, todo depende da disposición que teña o Goberno municipal.

Conclúe dicindo que, dende logo, como dixo antes, eles non van cambiar nada sobre a moción.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel manifesta que ela, simplemente para terminar, nada máis que unha palabra. Di o Sr. concelleiro o de visibilizar un comedor para nenos pobres, pois ela dille que si que se visibiliza, porque a Servizos Sociais van moitas persoas, pero van un día dous, outro día catro, outro cinco, non están alí os 300 facendo cola para entrar no departamento, e aténdeselles en despachos privados totalmente confidenciais. Poden ter a seguridade de que teñen unha confidencialidade total. Aquí, pola contra, se abren un comedor para nenos de Cambre, estarían 50, 60, 70, todos xuntos, aí estarían os nenos pobres de Cambre comendo nun comedor, é así de claro. Di que ese é o seu criterio e que, dende logo, o mantén. Ela, mentres non se quite o dos comedores escolares en Cambre, non vai aprobar a moción.

Ela apoia, e está a facelo xa dende o departamento, apoia medidas de axuda a domicilio, a través de vales. Noutros concellos igual non teñen axudas de vales de alimentos, pero en Cambre si. Teñen unha despensa municipal na que se está axudando ás persoas que cumpren requisitos de emerxencia social e a familias que non o cumpren. Estáselles dando axudas da despensa municipal, exactamente igual.

Aquí en Cambre se alguén ten calquera necesidade, pode acudir a Servizos Sociais que se lle vai atender. Reitera que ela non ve necesario abrir uns comedores en Cambre polos criterios que dixo. Se retiran iso do texto, entón eles apoian a moción totalmente, porque lle parece un tema moi grave como para estar facendo demagogia aquí, nun pleno, sobre temas de pobres o ricos.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que cre que isto é sublevar un pouco. As palabras parece que, ás veces, cando se din, sublevan. El con estar de acordo, e cre que así o manifestou publicamente o Goberno, coa estrutura da moción, porque todos saben que hai necesidades perentorias en Cambre, cre que non se deben alporizar, porque parece que todos están na posesión da verdade e máis da razón.

Pregunta se o que están dicindo de abrir un comedor escolar, público, onde comerán todos os nenos practicamente a un tempo, se é mellor ou é peor que atender a emerxencia social, a través de emerxencias sociais, como xa se está facendo, e se está incrementando a partida e duplicándoa.

Viven en Cambre, e ao mellor nun barrio dunha cidade é posible, pero están en Cambre e en Cambre de acordo que hai necesidades, de acordo que hai familias

necesitadas, de acordo con que pode haber nenos que poidan estar nese limiar da necesidade, está de acordo. Está o Goberno de acordo e sensibilizado con iso, e por iso incrementaron as partidas de Servizos Sociais, por iso trouxeron a Cruz Vermella para Cambre, que non a había. Ao mellor utilizar a palabra demagogia, ao mellor foi un pouco dura, non o vai discutir e non vai desculpar tampouco as palabras da súa concelleira porque non lle toca a el facelo, pero el cre que no fondo da cuestión están dicindo que van abrir un comedor, ou dous ou tres, nos centros escolares, e pregunta que pasa se despois non teñen nenos. Pregunta se non será mellor tratalo a través de emerxencia social e que eses nenos estean comendo e ben atendidos coa súa familia, cos seus pais, cos seus avós, que ademais de comer danlles tenrura.

Di que iso é o que lles pregunta, e aí si que están dispostos a incrementar o que sexa necesario as partidas de emerxencia social que, por certo, nos orzamentos xa viñan incrementadas ao dobre. Esa é a pregunta que deixa no aire. Non están en contra da moción, todo o contrario, están a favor da moción, pero abrir comedores escolares, para facer unha fila de nenos, como dixo a súa concelleira, iso é a realidade, porque supón que todos os nenos irán á hora de comer a comer todos xuntos. Non é insultar a ninguén nin facer de menos a ninguén.

Conclúe dicindo que esa é a opinión do Goberno.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que como dixo antes eles non van cambiar a moción. Se hai esa necesidade eles solicitan na moción que se abran os comedores, iso é o que solicitan, con independencia, de verdade, do que dicía a Sra. concelleira, da demagogia. Dille que demagogia fan outros, que isto é a realidade, pura realidade. Demagogia fai un alcalde do PP dun pobo de Ciudad Real que dixo que sempre houbo fame e hai que aguantarse. Iso dicía onte un alcalde do PP dun pobo de Ciudad Real, iso é demagogia.

Di que veñen aquí a plasmar unha realidade, a posta en antecedentes, como a Sra. concelleira recoñecía antes e como o Sr. alcalde recoñece agora, e como todos recoñecen, e facilitar, facilitar, porque non están facilitando.

Conclúe dicindo que xa dixo que eles non van modificar a moción. Se hai esa necesidade, entón, que se abran os comedores.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas lembra que a partida de emerxencia social do exercicio 2013 non chegou a esgotarse e, non obstante, o Goberno propuxo incrementala nun 40%. Lémbbralles tamén que houbo 2000 solicitudes de axuda ao longo do ano 2013, 2000, que supuxeron un incremento do 30% respecto do exercicio anterior, 500 axudas.

Permítese lembrarlle á Sra. concelleira que, na reunión do Consello Sectorial de Benestar Social que se celebrou recentemente, falouse de que cada sector de actividade propuxese unha iniciativa, unha prioridade. Dende Servizos Sociais ela sabe cal se propuxo, vaille dicir, un comedor social. O tecido asociativo de Cambre propuxo no Consello Sectorial de Benestar Social un comedor social.

Pregúntalle ao Sr. alcalde onde di a moción que se pretenda colocar en fila a nenos para darlles de comer. Do que se fala é de complementar a oferta de actividades educativas en verán. Se como di a Sra. concelleira se lles dá de almorzar e se lles dá un almorzo a media mañá, pregunta por que non se lles pode dar unha comida. Non se trata de quitarlles do seu contorno familiar e darlles de comer fóra, trátase de complementar os casos onde haxa precariedade.

Di que eles non conciben os Servizos Sociais como os concibe o Goberno, unha fila interminable de veciños pedindo axuda e o Goberno do outro lado do mostrador, en lugar de axuda, dar esmola, e a Sra. concelleira como ama de chaves da despensa municipal. Non é iso o que propoñen.

Interrompen varios concelleiros do PP para sinalar se iso non é demagogia.

O Sr. alcalde chama á orde aos concelleiros, a todos, di que esta non é maneira de comportarse nun pleno.

A continuación dille ao Sr. Bao que el mete polo medio do seu discurso, moitas veces, ao Sr. alcalde, ao Sr. alcalde e ao Sr. alcalde, parécelle moi ben, é o presidente deste pleno, pero el o que lles pide é un pouco de medida. Ténllela pedido ao longo dos tres anos que leva aquí, moitas veces, e volve pedirilles medida, tanto a uns como aos outros, un pouco de medida.

Don Jesús Bao Bouzas di que el lle pide desculpas se nalgún caso o ten ofendido.

O Sr. alcalde dille que el respéctalle a súa palabra e a ten respectado sempre, así como respecta a de todos, pero pídelles, por favor, medida.

Aquí, e que lle perdoen se se equivoca, están falando de abrir o servizo de comedor nos centros educativos públicos, pídesse que inclúan o servizo de comedor nos centros educativos públicos do concello. É abrir os comedores nos centros públicos, non é dar o servizo de comedor en casa dos nenos, é abrir os comedores públicos dos colexios de Cambre. O Sr. Bao, no desenvolvemento da súa exposición, non falaba dos centros públicos, falaba de complementar os campamentos, que son cosas diferentes.

Don Jesús Bao Bouzas di que fala de oferta de actividades programadas en períodos vacacionais.

O Sr. alcalde contesta que vale, pero é nos centros educativos públicos.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que el vai ler, por se acaso, o punto número un da moción. Primeiro gustaríalle agradecer aos partidos que están no Parlamento que leven este tipo de iniciativas e que as aproben, por suposto, eles, UxC, non están, estarán, pero de momento non chegaron alí, polo tanto dá grazas aos partidos que os representan e aproban este tipo de iniciativas.

Di que lle gustaría ler, como dixo, por se acaso non leron ben, o número un, que é instar ao Goberno municipal a poñer en marcha, de maneira inmediata, un Plan

específico de apoio á alimentación infantil que inclúa o servizo de comedor nos centros educativos públicos do concello, que conteña as medidas e recursos suficientes para garantir que as familias con menores ao seu cargo, que se atopen en situación de precariedade, teñan cubertas as súas necesidades básicas de alimentación.

Cre que ese é o punto número un, do que se está a discutir. O Goberno municipal o que está dicindo é que non hai en Cambre, os técnicos municipais din que non hai por que dar ese servizo porque non é necesario. Pois dilles que ben, que aproben a moción e se non é necesario que non o fagan, directamente. Pensa que debería ser así, se non é necesario dilles que non o fagan, pero que aproben a moción por se é necesario, porque di que se alegran moito de que lle fagan caso aos técnicos municipais de vez en cando, alégranse moito.

Tamén di que lle gustaría, sinceramente, que evitaran, sobre todo a concelleira de Servizos Sociais dicir “dámoslle”, “estámolles pagando”, ou “se lle está dando”. Di que a el parécelle que é un dereito que teñen os veciños e veciñas de Cambre e, nin ela, nin o Goberno, nin os que están aquí presentes, lles están dando nada, é un dereito que teñen. Cre que esas frases deben cambialas, ou ir cambiándolas pouco a pouco por “vai incluído o almorzo e a comida, ou a merenda”, non dicir que lles dan a merenda e o almorzo, porque efectivamente parece que lles están dando caridade e non é caridade, senón que é o seu dereito.

Conclúe dicindo que eles, por suposto, van votar a prol da moción.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, manifesta o seu apoio á moción e o seu voto favorable.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel manifesta que se ás veces se expresa mal, pois o sente, ás veces un non é todo o correcto explicándose como debería de ser, pero di que peor é ser xordo ou non entender o que se fala, porque en ningún momento ningunha técnica municipal dixo que non houbera problemas en Cambre, en ningún momento, o que pasa é que se non oe, ou non quere oír, é outra cousa.

Reitera que en ningún momento se dixo iso, e que se está atendendo a todas as persoas a través da ordenanza municipal, a todas as persoas que así o solicitan. Foi o que se dixo, e que non hai ningún caso extremo de emerxencia, iso é o que di o informe, pero nada máis. Pídelle ao voceiro de UxC que non terxiverse as palabras e as interprete e diga o que non din os demais.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que el non interpretou nada mal, o que acaba de dicir a concelleira cre que foi o que intentou expresar el. Se non é necesario ese servizo, pídelles que o aproben, e que logo non o leven a cabo, porque os informes técnicos dirán que non é necesario facelo, nada máis. Iso é o que di, non fai máis.

Por certo, dille á Sra. concelleira que el cre que lle falou correctamente, sen levantar a voz. En canto ao resto, era simplemente unha apreciación, o de lle damos, ou tal, non

quere dicir que ela sexa a única, el mesmo tamén pode caer nese erro, poden caer todos e cre que deben evitalo, simplemente dixo iso.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que o seu voto tamén vai ser favorable, vai apoiar a moción.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e o concelleiro de PdeC, integrante do GM. Votan en contra os cinco concelleiros presentes do PP. E abstéñense o concelleiro do PGD, integrante do GM, e don Fernando Caride Suárez, do PP, este último en aplicación do disposto no parágrafo segundo do artigo 118 do Regulamento orgánico municipal, segundo o cal: “Para os efectos da votación correspondente, considerarase que se absteñen os membros da Corporación que se ausentasen do salón de sesións unha vez iniciada a deliberación dun asunto e non estivesen presentes no momento da votación. No suposto de que se reintegrasen ao salón de sesións antes da votación poderán, dende logo, tomar parte nela.”

A Corporación, por doce votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE. Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstéñense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM e don Fernando Caride Suárez, do PP, este último en aplicación do disposto no segundo parágrafo do artigo 118 do Regulamento orgánico municipal.

Así pois, a Corporación, por dezasete votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

B) Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa a instar a reforma da Constitución Española

Rexistrada de entrada ao núm. 0/5061 o día 21 de xuño de 2014. Consta do seguinte teor literal:

“A recente abdicación do xefe do Estado e a posta en marcha dos mecanismos institucionais previstos para a sucesión á Coroa abriron un intenso debate social, institucional e cívico sobre a continuidade ou non da monarquía parlamentaria e sobre a necesidade de que os cidadáns definan, de novo, o modelo de Estado para as próximas décadas.

É certo que estamos ante un pleno municipal e que o modelo de convivencia no Estado e a súa xefatura son asuntos tratados noutros ámbitos institucionais, pero non o é menos que o salón de plenos municipal é a casa de todos os cidadáns e cidadás e

que o momento, a súa transcendencia e o camiño a seguir no futuro esixen manifestar, con responsabilidade e claridade, a nosa opinión.

A actual Constitución española foi aprobada polas Cortes o 21 de xullo de 1978 tras ano e medio de negociacións. O resultado da votación arroxou unha abafante maioría: 258 votos a prol, 14 abstencións (Alianza Popular e ERC), 2 en contra (EE e un deputado de Alianza Popular) e, tendo abandonado o hemiciclo, os oitos deputados do PNV.

Dous meses antes, o 11 de maio, a Comisión Constitucional aprobaba o artigo primeiro que establecía a monarquía parlamentaria como forma política do Estado. Esta aprobación facíase coa abstención do PSOE que, a través do deputado Gómez Llorente, presentou un voto particular defendendo a república. Non obstante, como afirmou o deputado na súa brillante intervención, o Partido Socialista aceptaba o texto constitucional consciente da transcendencia e momento e sempre e cando a monarquía fose compatible coa democracia e “se asente e se imbrique como peza dunha Constitución que sexa susceptible dun uso alterativo polos gobernos de dereita ou de esquerda que o pobo determine a través do voto e que viabilice a autonomía das nacionalidades e as rexións diferenciadas”.

Finalmente a Constitución era aprobada en referendo o 6 de decembro, co 87,87% dos votos nunha convocatoria na que se abstivo o 32,8% do censo. A actual Constitución e o consenso político e cidadán en torno a ela permitiron, dende aquel día, contar co período de liberdade e democracia máis longo da nosa historia. Os 38 anos que teñen pasado supuxeron o desenvolvemento de sistemas públicos de dereitos, antes inéditos, e dunha arquitectura institucional na que as autonomías cobraron especial protagonismo.

Os socialistas temos estado e estamos comprometidos con aquel consenso en torno á Constitución Española, pero somos tamén conscientes do momento que vivimos e dos retos que teñen que asumir as xeracións presentes e futuras. Hoxe, en medio dunha crise económica e social de envergadura descoñecida, unha parte daqueles sistemas públicos que formaron parte central do noso acordo constitucional vense desmantelados por políticas que en nada respectan o consenso do 78. O desenvolvemento das comunidades autónomas e o mantemento intacto das restantes institucións esixen hoxe unha reformulación do Estado en todas as súas liñas para adecuar o mapa institucional á realidade e para facelo sobre un novo acordo político e cidadán. As tensións territoriais e, en concreto, o desafío secesionista que manteñen hoxe as institucións catalás, esixen algo máis que estratexias de curto alcance.

Finalmente, os cidadáns apelan hoxe á participación nas institucións, a opinar, a decidir, a ser tidos en conta e ser consultados nas circunstancias máis diversas. Unha maioría do noso país non tivo a oportunidade no seu día de participar no referendo nin no refrendo constitucional. É obvio que a complexidade do momento, a pluralidade política ao longo destes anos, a madurez democrática da nosa sociedade e a envergadura dos problemas actuais, esixen situar as respostas no ámbito dun novo consenso constitucional, dun novo acordo para a convivencia colectiva.

Durante o último ano, o PSOE propuxo en varias ocasións a necesidade de iniciar un proceso de reforma da Constitución Española. Somos conscientes de que ese proceso non admite improvisacións e esixe xenerosidade política, formulacións rigorosas e participación do conxunto dos cidadáns. Cremos que a maioría dos elementos que permitiron o consenso histórico do 78 seguen vixentes, pero pensamos tamén que é imprescindible renovar, dende o debate, o acordo e o refrendo cidadán, un acordo desta natureza e que nese debate, acordo e refrendo debe incluírse tamén a forma de Estado.

Por iso, o grupo municipal dos socialistas de Cambre presenta ante o Pleno a seguinte proposta de acordos:

Primeiro: O Pleno municipal acorda enviar ás Cortes Xerais, e ao conxunto das forzas políticas con representación parlamentaria, a proposta de iniciar un proceso de reforma constitucional, no marco das previsións do propio texto, que alcance á arquitectura institucional (Senado, deputación, mapa local...), os acordos territoriais, así como a blindaxe dos dereitos sociais.

Segundo: A reforma e o consenso constitucional deben acadar, así mesmo, a forma de Estado recollido no artigo primeiro do actual texto constitucional.

Terceiro: Tal e como está previsto legalmente, o proceso de acordo deberá ser refrendado polos cidadáns en referendo.”

Durante a lectura da moción, reincorpórase á sesión don Fernando Caride Suárez, concelleiro do PP.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo tamén ten presentado unha moción máis ou menos neste sentido, pero interpretan que afonda bastante máis no problema.

Di que están de acordo en que é necesario reformar a Constitución, pero non están de acordo no proceso que se lles presenta na propia moción. Baixo o seu punto de vista non poden caer en erros que se produciron no ano 78, e xa explicaba a compañeira Margarita a razón pola que se produciron, pola situación de inestabilidade democrática que había no país.

O que EU pide na súa moción é que se estableza un proceso constituínte que devolva o poder soberano ao pobo, empezando por preguntarlle que forma de Estado quere, se monarquía ou república.

Discrepan co punto número dous da moción socialista que, baixo o seu punto de vista, brinda de antemán ao que é a monarquía. Nese sentido, conclúe dicindo que o seu grupo vaise abster.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE e os tres concelleiros de UxC, e abstéñense os seis concelleiros presentes do PP, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros integrantes do GM (PdeC e PGD).

Preguntado polo Sr. alcalde, don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, manifesta que non vai votar esta moción.

A Corporación, por oito votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeuista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezaoito votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

C) Moción do grupo municipal de EU sobre a convocatoria dun referendo sobre o modelo de Estado

Rexistrada de entrada ao núm. 0/5066 o día 21 de xuño de 2014, xunto cos rogos e preguntas presentados para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“A extraordinaria importancia dos feitos acaecidos durante estas semanas, que culminou co anuncio da abdicación do Rei, amosa a necesidade cada vez máis perentoria de propiciar un cambio profundo que favoreza a rexeneración política do Estado español. É por tanto a abdicación unha consecuencia directa da deterioración profunda da Coroa e da decadencia do bipartidismo que foi o soporte do sistema monárquico.

O artigo 57.5 da Constitución española establece que as abdicacións teñen que regularse mediante lei orgánica. Con todo, tal lei aínda non se promulgou e, con todo, o actual monarca xa manifestou, a través do presidente do Goberno, a súa decisión de abdicar en prol do seu fillo.”

Neste punto a concelleira de EU fai un inciso para aclarar que cando se redactou esta moción aínda non estaba aprobada a lei orgánica e que agora esta lei xa está promulgada, publicada e con entrada en vigor o 19 de xuño. Tras esta aclaración, continúa coa lectura da moción presentada polo seu grupo.

“Sen dúbida, o momento elixido ten un contexto político e social determinado no que se evidencia, cada vez con maior claridade e forza, que a cidadanía quere participar activamente na toma daquelas decisións que lle afectan. Hoxe en día, a democracia xa non pode ser unha mera cobertura sen contido, senón que é preciso que se dote de auténtica lexitimidade, permitindo a participación activa de todos os seus membros. Por iso, é imprescindible que a cidadanía se manifeste nesta ocasión sobre o modelo político do que quere dotarse e poñerse en marcha, polo tanto, un referendo no que o pobo decida se quere manter a forma monárquica ou, pola contra, opta polo modelo

republicano no que a xefatura do Estado sexa elixida mediante sufraxio universal, libre, secreto e directo pola totalidade da cidadanía.

Este último é o modelo defendido por Esquerda Unida como parte da súa aposta pola rexeneración democrática e un verdadeiro proceso constituínte no que se poñan as bases dunha nova forma de facer política.

Así, e tendo en conta o importantísimo papel que as institucións municipais teñen xogado neste tema ao longo da historia do Estado español.

O grupo municipal de Esquerda Unida propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Único: O Pleno do Concello de Cambre insta ao Goberno de España a convocar a celebración dun referendo no que a cidadanía española elixa libremente sobre o modelo de Estado e decida entre monarquía e república.”

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que vai votar en contra desta moción. El cre que todos os concelleiros, cando toman posesión do seu cargo, xuran ou prometen acatar a Constitución e lealdade á Coroa, polo tanto, o seu voto vai estar en contra.

Cre que este non é o lugar nin o foro para presentar este tipo de iniciativas. Hai un Congreso dos Deputados que é onde teñen que debaterse estes asuntos, polo tanto, mentres as regras do xogo non cambien, el ten que ser coherente co que xurou cando tomou posesión, así que vai votar en contra.

Concedida a palabra a don Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo quería, despois da intervención de Luis, pedir unha aclaración. En concreto, pregunta se a proposta que se fai é a convocatoria dun referendo posterior a unha reforma constitucional, ou un referendo antes dunha posible reforma constitucional, porque o sentido do voto do seu grupo depende desa cuestión, e vai explicar os motivos.

Di que non están votando, nin cunha nin coa outra, a favor de monarquía ou república, é dicir, votar a prol ou en contra non significa, nunha ou noutra, que estean aceptando ou apostando por unha ou outra forma de Estado. O que se propón aquí é un procedemento para consultar á cidadanía sobre esa cuestión e, nese sentido, o Partido Socialista, na parte na que non está de acordo é que non cren que o artigo 92, no que se basea a posible convocatoria dun referendo, sexa apoio suficiente para poder convocar un referendo sobre a forma do Estado. Ningunha Constitución do mundo establece o referendo consultivo como un posible mecanismo para consultar aos cidadáns sobre unha cuestión que xa está resolta pola propia Constitución.

O que se adoita facer neses casos, o normal é acudir a unha reforma da Constitución, e no caso da Constitución Española é o artigo 168, que inclúe por un lado que se aprobe a reforma, que se disolvan as Cortes, que se convoquen eleccións, que os partidos vaian coa súa propia proposta de forma de república, porque hai miles de modelos, tantos como estados republicanos e, unha vez que os cidadáns elixen cales

lles interesan máis, vótase, volven a constituírse as Cortes, alí faise a reforma e logo volven os cidadáns xa a pronunciarse sobre un texto concreto ou un modelo concreto.

Di que por iso a aclaración que lle pide a EU, dada a intervención que tivo o seu voceiro antes, é se o referendo que solicitan é posterior a unha reforma constitucional ou anterior, porque nese caso o seu voto non pode ser favorable.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás sinala que, evidentemente, para facer un referendo haberá que reformar a Constitución, de feito eles xa dixeron antes que están a prol de que se reforme a Constitución, ao que el se refería, era ao punto número dous da moción do Partido Socialista, onde din que a reforma e o consenso constitucional deben acadar, así mesmo, a forma de Estado recollida no artigo primeiro do actual texto constitucional. O artigo primeiro da Constitución, no punto tres di que a forma política do Estado español é a monarquía parlamentaria, de aí que de ningún xeito poidan eles estar a prol dese punto número dous. Repite que o artigo primeiro da Constitución, no punto tres, di claramente que a forma política do Estado español é a monarquía parlamentaria.

Pódese reformar a Constitución, evidentemente, como se reformou xa o artigo 135, póñense de acordo en quince días e dánllelo a tragar, ou se non, refórmase a Constitución, dise que hai que votar, que deciden que é a monarquía, entón sométese a referendo a monarquía, ou sexa, a tragala tamén.

Conclúe dicindo que esa é a súa discrepancia nese punto, o punto número dous da moción socialista.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais manifesta que o que quere dicir o apartado dous da súa moción é que cando se faga a proposta de reforma que eles propoñen, que alcance á arquitectura institucional do Estado, e din no apartado dous, tamén á forma do Estado. Non están dicindo que o que se vaia votar, a proposta que fagan, sexa recoller a que xa existe, senón todo o contrario, o que están dicindo é que cando propoñen unha reforma da Constitución, que o Partido Socialista leva propoñendo durante meses, principalmente para tratar de dar solución ao problema territorial, tamén ten que incluír a forma do Estado, e ese é o compromiso, a forma do Estado, non a monarquía parlamentaria actual. Cre que a EU lle levou a confusión o apartado segundo, porque o contido do apartado é ese, que a reforma ten que acadar á forma do Estado, é dicir, todo o contrario do que acaba de dicir o voceiro de EU.

Insiste no tema da moción de EU, o problema do grupo socialista, a súa discrepancia é a seguinte, e é moi concreta. Cando o que están propoñendo aquí é a convocatoria dun referendo, sen pasar por un proceso previo de reforma constitucional, o grupo socialista considera que iso vulnera o Estado de dereito e vulnera o texto constitucional.

Hai un mecanismo que inclúe un referendo dos cidadáns, e ademais un referendo con garantías, despois dun debate serio e sereno e con todos os elementos para decidir que forma de Estado queren, incluso se optasen pola república, que tipo de república queren, porque a través dun referendo agora mesmo nin sequera hai enriba da mesa, ou polo menos os cidadáns non teñen sido informados sobre que tipo de república

propón ningún tipo de partido. Di que non é o mesmo a República de Italia, na que non se vota por parte dos cidadáns ao presidente da república, que a alemá, que a estadounidense, é dicir, hai diferentes tipos. Polo tanto, a reforma constitucional, a través do 168 garante que os cidadáns sexan partícipes do debate respecto da forma de Estado e ademais é a que prevé a Constitución e a que establece a legalidade.

A convocatoria dun referendo utilizando o artigo 92, o grupo socialista considera que é contraria á lei, e esa é a mesma postura que manteñen respecto da convocatoria dun referendo no caso da independencia de Cataluña. Esa é a súa discrepancia e por iso lles preguntaba se lle podían aclarar se nesa proposta de referendo que fan, o referendo é anterior ou posterior, unha reforma da Constitución ou simplemente como está pedindo algunha forza política, que no prazo dun mes ou dous meses se convoque un referendo. Iso é o que lles pedía que lle aclarasen, nada máis.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que están falando de cousas distintas. Di que por unha vez traen unha moción curta e cre que clara. EU nesta moción non está falando de modificar a Constitución, algo que coidan que xa hai moitísimo tempo que é necesario, por suposto. Están falando da celebración dun referendo, amparado no artigo 92, polo que entenden que non ten nada de ilegal nin de contrario á lei, xa que ese artigo recolle que as decisións políticas de especial transcendencia poderán ser sometidas a referendo consultivo de todos os cidadáns.

Por certo, tamén lle gustaría dicirlle ao Sr. Baamonde, que os concelleiros de EU non xuraron a Constitución cando tomaron o cargo, eles prometeron, o seu compañeiro e ela.

Esta moción está moi clara. O que tamén está moi claro e tamén o saben, é a postura respecto deste tema do Partido Socialista, e non fala do Partido Socialista de Cambre, senón do Partido Socialista en termos xerais, fronte a postura de EU. O debate é ese, precisamente, non é outro.

Están presentando unha moción que recolle as inxerencias que están na rúa. No exercicio da súa responsabilidade como cargos públicos, neste caso de EU, o que pretenden é conseguir os apoios daqueles concelleiros que coiden necesario e imprescindible a consulta, a todos os cidadáns, sobre o modelo de Estado máis conveniente para o Estado español, nin máis nin menos, non están dicindo nada máis, poderían, pero non están dicindo nada máis que iso. Non están tampouco elevando a pleno un debate entre monarquía e república, só faltaría, porque ademais as posturas nese debate cre que están moi claras.

Se falan da Constitución e da reforma da Constitución, da que prometen ou xuran no momento de tomar o cargo, existen moitos artigos que habería que modificar, existen moitas incoherencias nunha Constitución que si foi refrendada, pero dentro dela existe un modelo de Estado que non foi refrendado, e que non foi consultado, que viña implícito, e cre que non fai falta que ela relate todos os acontecementos destas últimas semanas e o que está ocorrendo nas rúas.

O que propoñen é que un sistema do que todos presumen, que é un sistema democrático, saia á rúa e a xente decida que forma de Estado quere, nin máis nin menos, non van facer unha apoloxía, neste momento saben cales son as posturas de todos sobre a monarquía e sobre a república.

Continúa dicindo que o referendo do que falan non sería posterior a unha reforma da Constitución. Eles estanse amparando no artigo 92 e na posibilidade que recolle ese artigo de que as decisións de política de especial transcendencia, como pode ser a forma do Estado, sexan sometidas a referendo consultivo, posto que saben que o 80% da poboación actual non puido decidir, non puido refrendar a Constitución, nin foron consultados sobre a forma do Estado, a monarquía parlamentaria.

Di que esa monarquía, ademais, e fai simplemente mención, polo sentido democrático da moción, non por outra cousa, é unha monarquía parlamentaria que, como dixeron, a uns gustaralles máis, a outros gustaralles menos, ou nada, pero está baseada, non poden esquecelo, nun golpe militar apoiado no seu momento polo nazismo e polo fascismo internacional. Sen ese golpe militar hoxe España non sería unha monarquía, sería unha república. Fálase normalmente, tamén moito, do que lle debe España ao Rei, e dende EU tamén lles gusta sempre dicir o que lle debe o Rei a España, que é moito.

Simplemente queren un referendo no que se lles consulte, nin máis nin menos, non necesariamente hai que acordar modificacións constitucionais, un referendo no que a xente vote que é o que quere. A partir de aí verán cales son os mecanismos, a Constitución cando convén modifícase e búscanselle os flocos, que os ten, e moitos, para poder modificala, e existen mecanismos para facelo. A súa proposta está moi clara.

O Sr. alcalde manifesta que supón que á concelleira do Partido Socialista lle quedaría claro o asunto, porque a ver se poden intervir os demais grupos, xa que están monopolizando o debate.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais manifesta que ela volve insistir no problema do fundamento xurídico da moción. O artigo 92 regula, ou forma parte do procedemento de elaboración das leis. Está dentro do apartado correspondente ao procedemento de elaboración das leis. É un referendo que está pensado para aquelas cuestións políticas non resoltas na Carta Magna. Di que ese é o problema de legalidade, e non é pequeno, non é un capricho.

Dicir que ese referendo, convocado pola vía do artigo 92, só a través desa vía os cidadáns poden participar democraticamente, parécelle que é faltar á verdade, está o procedemento de reforma que, por certo, e si que lle gustaría dicilo, é moito máis sinxelo. É máis sinxelo instar unha reforma da Constitución que lograr que o Rei abdicado asine a convocatoria dun referendo, que é o que se propoñía nestes últimos días, que despois o presidente do Goberno, o Goberno actual, asine esa convocatoria de referendo e que as Cortes se pronuncien unánimemente sobre a convocatoria dese referendo. É incluso moito máis sinxelo para un grupo parlamentario presentar unha iniciativa de reforma da Constitución, e iso, ata a data, ningún grupo parlamentario con presenza na cámara ten presentado unha proposta de reforma constitucional.

Ela cre que con independencia da opinión que teñan, e sen ánimo de secuestrar á cidadanía a posibilidade de decidir sobre a forma de Estado, e iso quere deixalo claro, porque non é o tema que están debatendo, o que si lle gustaría deixar claro é que hai un procedemento que respecta a Constitución, que é o do 168, que non é, por certo, o do 167 que deu lugar a esa penosa reforma da Constitución que se fixo hai un par de anos. É o artigo 168, que prevé, ademais, a convocatoria dun referendo despois de ter levado aos cidadáns dúas veces ás urnas.

O Sr. alcalde pregunta se os propoñentes da moción queren rematar ou pasan á votación.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López manifesta que son só 20 segundos. Simplemente esa disparidade de acordos é insalvable para o Partido Socialista e EU, neste xeito afortunadamente poderían dicir, porque podían falar do artigo 135. O artigo 92 é válido para consultar ao soberano, que está estipulado que é o pobo español, e non soamente iso, senón, e os 20 segundos se non lle importa ao Sr. alcalde empezan a contar agora, a modificación da Constitución debería incluso, e nese caso si que estarían de acordo coa concelleira socialista, que o están en moitas cousas, debería recoller a eliminación do machismo imperante que impide que a filla primoxénita do Rei Juan Carlos sexa a raíña, a día de hoxe, de España.

Unha modificación da Constitución, se son serios, tería moita tea que cortar, e o que eles piden é consultar ao pobo, nada máis.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os tres concelleiros de UxC e os dous concelleiros de EU, votan en contra os seis concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE e o concelleiro de PdeC, integrante do GM. E abstéñense o concelleiro de PGD, integrante do GM. Ao igual que na moción anterior, o concelleiro presente do BNG, non vota a moción.

Solicita a palabra don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, para aclarar o sentido do voto do seu grupo e que conste en acta, o seu voto é contrario á moción e a prol da monarquía.

A Corporación, por doce votos en contra, rexeitou a moción presentada polo grupo municipal de EU.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. Informes do equipo de goberno

De orde do Sr. presidente, a secretaria accidental dá conta do seguinte asunto:

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1200, de data 5 de xuño de 2014, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Fernando Caride Suárez dende o día 27 de xuño ao 5 de xullo de 2014, ambos os dous incluídos, a

partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

4.2. Rogos

Rogos do PSdeG-PSOE presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/5062 o día 21 de xuño de 2014, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o primeiro rogo do seu grupo, aínda que pareza un rogo moi particular, moi referido a unha familia en concreto, polas circunstancias que o rodean gustaríalle que tivera a receptividade por parte do grupo de Goberno en canto á manifestación dunha necesidade que ten que vir acompañada por unha sensibilidade social que saben que o Sr. alcalde vai ter con este tema, que necesita unha urxente solución.

1º Unha familia do barrio do Graxal ven solicitando, dende hai tempo, que se habilite a praza Manuel Murguía para pasar co seu vehículo particular, no sentido rúa Constitución con dirección ao Paseo Marítimo. As razóns para esta solicitude non son en absoluto caprichosas e obedecen á situación de severísima discapacidade física e psíquica que sofre unha filla desta familia, á que a subida e baixada do vehículo nos pasos de peóns sobreelevados sitos na rúa Constitución, Padre Feijoo e Paseo Marítimo, prodúcenlle grandes dores e graves episodios de angustia. Despois de moitas reunións co alcalde e coa concelleira de Urbanismo, e das promesas realizadas, a solicitude segue sen ser atendida.

Por todo iso, solicitamos que, atendendo á demanda efectuada, se adopte a medida excepcional de autorizar a esta familia á circulación do seu vehículo pola praza Manuel Murguía, a medio de paso habilitado e acondicionado para o efecto, establecéndose a sinalización horizontal e vertical que proceda.

O Sr. alcalde manifesta que, efectivamente, esa familia xa tivo varias reunións con el e coa concelleira de Urbanismo. El pode dicirlle que nos próximos días, porque fixeron unha disposición de como van quedar os novos bancos na praza, vanse recubrir en madeira e poñerlle respaldos, el calcula que, a máis tardar, nos próximos dez días estará resolto o caso particular dese señor coa remodelación da praza Manuel Murguía.

Don Augusto Rey Moreno agradece a resposta, sabía que a sensibilidade do Sr. alcalde, como a de todos, ía primar sobre un tema tan particular como este que, evidentemente, necesita unha solución particular excepcional. Dille que é urxente que ese prazo de días se cumpra, cre que é un problema de vontade por parte dos técnicos, de sinalizar aquilo, habilitar ese paso, non sabe se para dar acceso tamén a vehículos doutras características, como poidan ser vehículos oficiais, ou vehículos de

emergencias, ambulancias ou coches de bombeiros, pero cre que hai fórmulas técnicas para habilitar ese paso e facilitarlle a esa familia a súa demanda.

O Sr. alcalde confirma que o van facer no prazo de dez días, porque xa lle di que ten todo o estudo, con todos os planos, para facelo xa. No prazo de dez días agardan que todo quede solucionado.

2º O pasado día 27 de decembro de 2013, publicábase no DOG a Lei 9/2013, do 19 de decembro, denominada “do emprendemento e da competitividade económica de Galicia”. A citada disposición, no seu artigo 41 letra c), manifesta a obriga de obter licenza municipal para “a celebración de espectáculos e actividades extraordinarias e, en todo caso, os que requiran a instalación de escenarios e estruturas móbiles”. Nesta situación atópanse as comisións de festas parroquias que organizan festexos populares no noso concello.

A documentación e requisitos que se esixen para organizar festexos populares nesta lei fai practicamente imposible o traballo xeneroso e desinteresado das comisións veciñais de festas, poñendo en perigo a celebración e mesmo a existencia futura das festas parroquias ou de barrio.

Por todo iso, e á espera de que a lóxica se imponha e a Xunta de Galicia leve ao Parlamento Galego a eliminación deste precepto da mencionada lei, solicitamos se poña a disposición das comisións de festas o equipo de traballadores municipais, co fin de que elaboren as documentacións técnicas precisas para cumprir coa normativa actual de organización de festexos populares.

O Sr. alcalde contesta que este rogo tíñao asignado a concelleira de Urbanismo para a súa contestación, porque ela pode dar máis detalles do que xa están facendo os técnicos actualmente para solucionar eses problemas. Claro, hai cousas que o concello non pode facer, como é , por exemplo, pasarlle a ITV aos camións das festas, teñen que traela pasada eles. Pero xa lle di, isto se lle parece llelo contestan por escrito ou déixano para o vindeiro pleno, porque o traía preparado Rocío, faleceulle un familiar e non puido vir.

Dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que o deixan para o vindeiro pleno.

Rogos de UxC presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/5059 o día 21 de xuño de 2014.

1º O día 4 deste mes lemos na prensa que en setembro se celebrará unha “festa dos 80”, onde actuarán Nacha Pop, Danza Invisible e Los Limones. Solicitamos se nos informe de que empresa será a encargada do evento, como se vai pagar e a data e lugar exacto do evento.

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, contesta que a data do evento será o 5 de setembro. A empresa encargada de xestionar ou producir esa actuación non llela pode dicir porque será a que gane o

proceso de contratación a que se dea lugar no seu momento. Eles o que propoñen son os grupos, e as empresas teñen que optar ao prezo que eles lles dean.

En principio, á espera de informes que se solicitarán á Policía no seu momento, a rúa que se valora é a rúa Polígono.

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, pregunta que concellería organiza o evento.

Don Fernando Caride Suárez contesta que este evento ou actividade é unha proposta conxunta entre Promoción Económica, Cultura e Xuventude.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que xuventude, con eses grupos ...

O Sr. alcalde dille que el séntese mozo, e gústanlle Los Limones.

Don Fernando Caride Suárez manifesta, como aclaración ao comentario do Sr. Carballada, que tamén en xuventude organizan as rutas e vai xente maior de 35 anos, que é o que lles marca a Xunta, tampouco se van poñer moi estritos niso.

2º Co único fin de manter a transparencia necesaria na política municipal, solicitamos se nos informe se o proxecto aprobado pola Xunta de Galicia no 2008 respecto do trazado da Vía Ártabra lle afecta a bens e inmobles da súa propiedade, á da súa familia ou á dalgún membro do Goberno.

O Sr. alcalde contesta que, efectivamente, para manter a transparencia el vaillo dicir claramente ao Sr. García, o trazado proposto no ano 2008 si lle afectaba a un monte, un anaco de 606 m² dun monte rústico que ten ao lado da casa e que oxalá o levaran, porque lle custa 400 euros/ano limpalo. Pero dille que, pola mesma transparencia, a el gustaríalle preguntarlle ao Sr. concelleiro se o proxecto aprobado no ano 2006 polo Consello da Xunta, lle afectaba tamén a un membro de UxC, pola mesma transparencia política.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, contesta que, con todo o seu respecto, no tempo de rogos se o Sr. alcalde llo dá con tempo de antelación, el mira e pregunta á xente do seu grupo, de agora ou de antes, se estaban afectados ou non. El pode contestarlle pola súa parte, e pola súa parte dille que non.

Continúa dicindo que pola súa, o Sr. alcalde dille que non, que non lle afectaba. El di que ten aquí o proxecto aprobado no 2008, onde ten acotado un monte na parcela onde o Sr. alcalde ten a vivenda, pregunta se é así.

O Sr. alcalde reitera que o proxecto aprobado no ano 2008 aféctalle en 606 m² nun monte rústico, que xa lle dixo que oxalá se fixera o trazado, que así llo pagaban e non tiña que gastar os 400 euros que gasta ao ano por telo perfectamente limpo.

Conclúe dicindo que agora el faille o rogo para, se quere, no próximo pleno, o conteste.

Don Óscar Alfonso García Patiño di se a pregunta é se a algún dos seus compañeiros de UxC lle afecta o do 2006.

O Sr. alcalde dille que do seu grupo, UxC.

3º Solicitamos se nos informe de canto se ingresou e cal é a débeda a día de hoxe das empresas que xestionaron o Festival Brincadeira co concello e que medidas tomaron.

O Sr. alcalde contesta que do Festival Brincadeira Rock in Cambre ingresáronse, segundo informe da tesoureira, con data 10 de decembro de 2012, 35000 euros; o 24 de decembro, 35000 euros; o 6 de febreiro de 2014, 10000 euros. O 18 de febreiro de 2014 recibíuse no concello un escrito de Manuel López Cernadas, en representación de LP45, solicitando o aprazamento ata o 31 de decembro de 2014 da débeda que ten co concello, debido á falta de financiamento por parte dos bancos e das caixas de aforro e á falta de actividade de eventos durante o ano 2013.

Tendo en conta que a solicitude contén os datos esixidos polo artigo 46 do Regulamento xeral de recadación, requíreselle a presentación da documentación seguinte no prazo de 10 días hábiles a contar do seguinte ao recibo desa comunicación: identificación da débeda cuxo aprazamento se solicita, orde de domiciliación bancaria, os documentos ou xustificantes acreditativos da existencia de dificultades económicas e financeiras, solicitude de compensación durante a vixencia do aprazamento dos créditos que se poidan recoñecer ao seu favor, e garantía que ofrezca conforme ao artigo 82 da Lei 58/2003, xeral tributaria, que debería cubrir o importe principal e de xuros de mora, máis un 25% da suma de ambas partidas.

De non achegar a documentación requirida no prazo sinalado, advertíuselle que se lle tería por desistido da súa solicitude e arquivaríase sen máis trámite, e non habendo resposta, o alcalde daría orde á tesoureira para que se requira xudicialmente o pago desa débeda.

Di que iso é o que lle pode informar ata o día de hoxe.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, pregunta canto é a débeda.

O Sr. alcalde contesta que nestes momentos exactamente non o sabe, pero aproximadamente, 90000 euros. Poden ser 89880 ou 90001.

Don Óscar Alfonso García Patiño expón que en marzo a súa compañeira, porque el non asistiu a ese pleno, pero a súa compañeira de UxC preguntou, e o Sr. Felipe Andreu contestou que unha das empresas fixera un ingreso parcial da débeda e solicitara un novo aprazamento. Nese momento estaban estudando en que condicións habería que solicitar ese aprazamento, porque estaba en vía executiva, ou se procedía facelo. Di que está lendo textualmente a acta de marzo que acaban de aprobar hoxe, e continuaba dicindo o concelleiro que, se non procedía, habería que ir á vía executiva directamente, que estaban estudando o tema.

Dilles que está falando de marzo.

O Sr. alcalde sinala que el o que lle dixo é o informe. El non o entende, estalle dicindo que vale, que a orde que ten a tesoureira, ou que polo menos lle preguntará, é que iso ten que tramitarse por vía executiva, dado que non cumpriu os prazos preceptivos. A débeda conta cos seus intereses e as súas demoras.

Rogos de EU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/5066 o día 21 de xuño de 2014, xunto coas mocións e preguntas presentadas para este pleno.

1º No transcurso da lexislatura o noso grupo ten presentado distintas iniciativas para a sinalización e localización de infraestruturas no concello. A pesar das promesas do concelleiro responsable e do propio alcalde comprobamos como estas e outras propostas presentadas por EU e demandadas polos veciños/as de Cambre seguen no máis absoluto abandono.

Neste caso imos afondar máis no problema da sinalización, que dun xeito especial inflúe na vida de persoas con autismo. Trátase dunha cuestión de sensibilidade social básica e consideramos que debe realizarse dun xeito preferente.

Por isto pregamos ao Goberno a posta en marcha dun plan de sinalización mediante pictogramas para persoas con autismo nos edificios públicos do concello, para facilitar a súa identificación ás persoas con discapacidade intelectual.

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, contesta que lle quere agradecer sinceramente o rogo, porque era unha cuestión da que se decatara parcialmente nada máis. Dende Deportes lle confirmaron que hoxe adxudicaron o contrato para sinalizar todas as instalacións deportivas con ese mesmo sistema que está propoñendo aquí EU. Polo tanto, xa se está traballando.

Como no rogo se fala de todas as instalacións municipais, el pensa que como xa van ter esa experiencia, poden facer un proxecto, un prego, para facelo en todas as instalacións municipais, porque incluso na casa do concello teñen que mellorar bastante a sinalética, porque non está actualizada e é bastante complicado encontrar os distintos departamentos municipais.

Di que tamén nese asunto teñen un problema que é moi serio, e son compatibles un co outro, pero teñen outro problema, que é o problema da accesibilidade que ten a casa do concello, ou a falta de accesibilidade que ten. Niso tamén levan tempo traballando, pero “coa Igrexa topamos”, como se adoita dicir.

Conclúe agradecéndolle o rogo e comprométese a poñelo en marcha unha vez que vexan a experiencia cos sinais que se van colocar nas instalacións deportivas, e un pouco tamén para seguir, máis ou menos, coa mesma liña estética.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, agradece a resposta e manifesta que cun custo económico ás veces non moi grande, pódese sacar algunha rendibilidade, neste caso social, para moitas persoas que teñen eses problemas, nada máis.

Conclúe agradecendo a disposición e agarda que en breve se comece con esa campaña.

2º Recentemente, a través de aviso na web do concello así como información na prensa, o Goberno vén de suspender as charlas informativas dirixidas aos veciños sobre administración electrónica.

Polo visto, a xustificación pasa polas queixas dos veciños para asistir ás ditas reunións no período estival.

Pregamos se nos informe do calendario que foi proposto con lugares e datas das charlas sobre administración electrónica e sobre o número de queixas recibidas en cada unha das parroquias, así como a data estimada de celebración despois do verán, ou a concreta, se a houbese.

O Sr. alcalde explica que eles non tiveron queixas, tiveron suxestións. El pódelle dicir que iniciaron isto en catro ou cinco parroquias e a asistencia, a verdade, nalgún sitio non foi ninguén, e o máximo que tiveron foron cinco persoas nalgunhas parroquias, e iso que pode dicir que estaba ben anunciado.

A suxestión dos veciños desas parroquias foi que por que non aprazaban as visitas para despois de que pasara o verán, porque claro, ás 20:00 ou 20:30 da tarde aínda é de día e a xente non vai a un tema como é ensinarlles como funciona a administración electrónica.

El comentouno co resto dos técnicos que estaban con el e decidiron aprazalo para despois do verán, e así o farán e darán cumprida conta das mellores datas para facelo.

Dona Mª Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que conveñen todos en que son necesarias esas charlas, e si que tiñan coñecemento dalgunha falta de asistencia importante a algunhas das convocadas.

Di que o do calendario, concretamente, é unha pregunta de EU. Non saben se teñen previsto deseñar un calendario, publicitalo sobre todo entre os veciños, porque tendo en conta a importancia da administración electrónica, por un lado, e a carga de traballo que se pode minorar para os funcionarios, si que é necesario un deseño estratéxico e claro para que poida asistir a maior cantidade de xente posible. Dino nese sentido, non recriminando, nin moito menos, senón invitando a que se faga ben, se organice ben, e que esa organización e ese bo facer implique un bo uso e un maior uso da administración electrónica.

O Sr. alcalde manifesta que a Sra. concelleira non lle quere facer reproches, pero ao mesmo tempo fainos, porque di que a algunha faltou.

Dona Mª Olga Santos López dille que non, que faltaron os veciños.

O Sr. alcalde di que faltaron os veciños en case todas, por iso tomaron a decisión. El recolleu as suxestións en Anceis, en Bribes, en Sta. Mª de Vigo, e decidiron

suspendelas. Pode dicirlle que, por exemplo, na Barcala non houbo ninguén, ben, minte, houbo nove nenos, e estivo charlando con eles agradablemente.

El entende que, loxicamente, é primordial poñer en marcha a administración electrónica, que a xente das propias asociacións poida entrar na administración electrónica e comunicarse co concello. Será ben publicitado e volverán comezar, volverán dende o principio a facer o percorrido por todas as parroquias, e anunciarano con tempo para que a xente poida asistir.

3º A estrada que transcorre entre Lourenciño e a fábrica de Norgasa, presenta nalgún dos seus tramos un considerable desnivel sen que exista ningún elemento de protección que poida evitar accidentes.

Por isto pregamos se tomen as medidas oportunas para dotar de seguridade á mencionada estrada.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que están de acordo. Tentará nos vindeiros días ir co técnico municipal para ver cales son os temas, se hai incluso algunhas cousas que poidan ser de Adif ou o que sexa, pero intentarán ir velo.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, agradécello. Coincide co Sr. concelleiro en que ao mellor alí hai que pedirlle permiso a Renfe, como é preceptivo nese tipo de actuacións, pero lembrouse agora, que hai pendente unha actuación en similares condicións que esta, que é no camiño de Peiraio, tamén cun perigo que cre que se non igual, ao mellor maior. Cre que se debería actuar preferentemente neses sitios, porque xa hai bastante tempo que EU trouxo o de Peiraio, o da estrada que vai de Cela a Peiraio, e cre que é urxente acondicionar ese tema.

Di que tamén é urxente o de Norgasa, pero para lembrarllo e que o teña presente, porque son dúas actuacións que son necesarias.

Rogos do BNG presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/5128 o día 23 de xuño de 2014, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Rogamos informen da situación dos buses eliminados no rural.

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, que ten atribuídas as competencias en materia de transporte, explica que o que lle pode dicir ata o día de hoxe, a información que teñen, é que a Xunta aprobou en resolución da Dirección Xeral de Mobilidade unhas rutas que, teoricamente, terían que estar en vigor, e que efectivamente non estaban en vigor.

Di que citaron á empresa para que lles dera as explicacións oportunas de por que non estaban cumprindo con esa publicación que tiña realizado a Xunta, e informáronlles de que tiñan recorrido ese documento. Hoxe, ás 14:15 horas cre lembrar, a Xunta remitiu

ao concello unha corrección de erros ao documento anterior. Unha corrección de erros con base na alegación que se presentou pola empresa.

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, pregunta se entón dalgunha maneira a Xunta estima a alegación de Asicasa.

Don Fernando Caride Suárez contesta que non lle pode dicir agora mesmo nin si, nin non, porque non hai ningún punto concreto no que diga que estiman un punto ou estiman outro, por iso lle di que teñen que estudar o documento que lles enviou a Xunta.

Fan unhas puntualizacións en función das rutas específicas, e nalgunhas fan correccións de minutos. Non sabe moi ben o motivo, xa lle di que recibiron o documento ás 14:00 horas, van estudalo e manterano informado. Pero, ben, o ánimo do Goberno, como ten quedado patente en diversas ocasións, é que se cumpra o que di a Xunta ou o que se acordou nas reunións que se mantiveron na Dirección Xeral.

Don Daniel Carballada Rodríguez explica que precisamente hoxe fixo uso do bus parroquial que pasa por Meixigo e o condutor díxolle que a partir do luns había novos horarios.

Don Fernando Caride Suárez dille que, en principio a revisión que fixo, que xa lle di que foi á hora de comer, para falar claramente, por enriba, o que viu foron modificacións de minutos. Tampouco lle vai dicir que todas as modificacións sexan de minutos, porque xa lle di que é un documento bastante extenso e bastante denso, que hai que estudar ben.

Don Daniel Carballada Rodríguez pregunta se aí vai recollido tamén o bus do concello, o bus municipal, o das parroquias.

Don Fernando Caride Suárez contesta que o bus circular aí non está recollido.

O Sr. alcalde expón que a modificación no tema de mobilidade é importante. Eles están pendentes de que efectivamente a Xunta e a empresa Asicasa estean de acordo, ou que a Xunta obrigue a Asicasa a facer os percorridos que o concello lle pide.

Unha vez feito iso, eles poden adaptar o bus circular, e para iso teñen potestade entre comiñas, pero si potestade para chegar a un acordo coa concesionaria, que neste caso é Asicasa, e que faga as rutas como eles queiran e no horario que eles queiran.

O que non poden facer é cambiar o bus circular e que coincida co bus da Xunta, iso é o que trata de dicir. Se ao mellor llo dixo o condutor de Meixigo, que non sabe, que ao mellor é posible, ao mellor é porque ese documento seguramente lle chegou tamén a Asicasa e Asicasa falou co condutor. Pero xa lle di que ese documento chegou ao concello as dúas e vinte e tantas da tarde.

Dille ao voceiro do BNG que no mes de xaneiro, cando se tratou este tema, eles fixeron unhas suxestións á empresa Asicasa para o cambio do bus circular. Deixounas

condicionadas, todas esas suxestións e cambios, á aprobación da Xunta, coas rutas que ten A Coruña e O Burgo e as rutas que xa saben que unha delas foi eliminada. O que non pode dicir é que o luns cambia, estando hoxe a xoves.

Di que mañá verán ese documento, verán en que cambia, chamarán a Asicasa e verán o que van facer. O que non pode facer Asicasa é cambiar o horario sen o seu consentimento.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que iso é o que vai facer.

O Sr. alcalde di que van velo.

Don Fernando Caride Suárez explica que na última reunión que se mantivo con Asicasa, que foi cre que hai 15 días, foi sobre este tema, porque ao concello o que lle constaba é que había unha aprobación por parte da Dirección Xeral que non se estaba cumprindo. Foi o motivo de citalos á reunión. Foi cando lles comentaron que o tiñan recorrido e o que dixeron, o que lle dixo a el persoalmente o xerente de Asicasa, é que de calquera variación que se fora implantar lle darían traslado ao concello, non só de maneira oficial, senón que tamén ían facer folletos informativos coas rutas, cos horarios, etc.

Reitera que iso llo dixo a el persoalmente o xerente, e non ten por que pensar outra cousa.

Respecto do tema do autobús de Meixigo, o mirarán, pero en principio na comunicación non está incluído. O que pasa é que si é posible que se monte con outra ruta e o atrasen cinco minutos, non o sabe. En todo caso, non é de implantación inmediata, ou el entende que non é de implantación inmediata.

Don Daniel Carballada Rodríguez expón que el simplemente llo di, díllelo ao conxunto da Corporación, para que conste en acta e sen entrar en debate. Hoxe a el se lle dixo que o bus que sae ás 07:45 da mañá de Cambre e vai a Meixigo, a partir do luns sairía, non son cinco minutos, ás 08:50, están falando de practicamente dúas horas de diferenza. Que era un novo horario onde ese bus deixaba de subir a Sta. M^a de Vigo, co cal el está de acordo, e a Bribes, para facer un percorrido como facía, efectivamente dicía o Sr. alcalde, antes do mes de xaneiro.

Pero di que iso a xente non o sabe e, aínda por riba, van ter aí outro cabalo de batalla, porque agora teñen o primeiro bus ás 07:45 e agora pasan a telo practicamente ás 09:00 mañá.

Conclúe dicindo que simplemente que o saiban e que se lle busque a iso unha solución.

2º Rogamos informen de como se desenvolveron as festas na Barcala.

Don Santiago Manuel Ríos Rama, concelleiro de Cultura e Turismo, explica que esas festas, como saben, organizounas unha comisión e a el non lle fixeron chegar ningunha queixa, nin ten nada que comentar en canto a iso.

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, manifesta que a eles simplemente lles comunicaron que houbera un problema cun saltón, dunha persoa que tivo un accidente. Entenden que non é habitual e entenden tamén, que o concello ten que estar ao corrente desas cousas. Supón que nalgún sitio figurará.

Don Santiago Manuel Ríos Rama contesta que a que leva ese tema é a súa compañeira Rocío, que hoxe non está. A pregunta non estaba demasiado clara, se se tiveran referido ás atraccións, xa o tiñan máis claro.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que a verdade é que procuran facelo, e é certo que eles como grupo o teñen falado...

O Sr. alcalde intervén para explicar que hai un informe, porque interveu a Policía municipal, xa que unha rapaza moi delgadiña, a pesar da barra de protección escorreu e caeu, e deuse un pequeno golpe que non foi a maiores. Di que ese é o informe da Policía, que interveu nese momento. A el chamárono por teléfono no momento, preguntou o que pasaba, dixéronlle o que había, e non lle deu maior importancia. Agora ben, o BNG pregunta como se desenvolveron as festas da Barcala. Teoricamente ben. Se tiveran preguntado se os podían informar dun suceso nas festas da Barcala, o tema xa é distinto. Eles pensaron que quería a valoración das festas da Barcala e esa el non a pode facer.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que el cre que se entende, de verdade o di, pode parecer parvo, pero non o é, que se entende perfectamente, é dicir, non é un feito afortunadamente habitual que pase iso, e ten unha resposta tan sinxela como a que deu o Sr. alcalde. O que non é normal é que un concelleiro da oposición faga unha pregunta e lle digan "non, ben", e despois loxicamente hai un informe municipal, porque pasou iso. Se a conclusión que sacaron é esa, el á xente que lle pregunte diralle que foi unha rapaza, porque así o di o informe policial, moi delgadiña, pero que estaba perfectamente en regra todo e non hai ningún problema, e xa está.

A maiores diso, xa lles di, a el dixéronlle, non sabe se é certo ou non, por iso pregunta, que a determinada hora da madrugada houbo alí pouco menos que unha batalla campal, pero iso non é responsabilidade nin da comisión de festas, nin do concello, nin tal. El pregunta por iso, porque igual hai un informe policial ou non o hai, simplemente.

O Sr. alcalde dille que el o entende, o que non entendeu foi a pregunta. É máis, posiblemente o Sr. concelleiro de Cultura aquí presente, que foi o que apuntou a pregunta para respondela, non tiña nin coñecemento do suceso do da rapaza, porque non tivo demasiada transcendencia.

O lóxico, se estivera Rocío, é que lle dixera que ese saltón estaba perfectamente legal, como fixeron as revisións co técnico municipal, etc., etc., pero claro, a pregunta é xenérica, rogan se informe de como se desenvolveron as festas.

Don Daniel Carballada Rodríguez sinala que a pregunta é xenérica, pero dirixida ao alcalde, e o alcalde sabe o de Santi e o de Rocío.

O Sr. alcalde respóndelle que non, que o alcalde sabe o da súa competencia que é a Policía municipal, pero o Sr. concelleiro pregunta polas festas, e o das festas é un capítulo de Cultura. É unha falta de interpretación, el non pode adiviñar en que sector se está movendo, e se non, di que van velo no capítulo de preguntas, que pasa exactamente o mesmo.

En canto ao terceiro rogo, dille ao voceiro do BNG, que supón que xa non o fará.

Don Daniel Carballada Rodríguez contéstalle que, se lle permite, si.

3º Rogamos informen dos plans para a praza Manuel Murguía.

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, di que non por nada, pero todos teñen a experiencia de que o seu grupo ten retirado moitas veces rogos cando son solapados. Neste caso simplemente é por un matiz a maiores, porque a eles o que lles trasladan, e tamén en parte por información que apareceu en prensa, é a cuestión de se vai haber ou non a posibilidade de que volva circular o tráfico rodado, é dicir, os coches, ordinariamente pola praza. Simplemente a el iso foi o que lle trasladaron e un pouco o sentido do rogo, máis concreto.

O Sr. alcalde contesta que para todos os cidadáns, non. Serán casos particulares, como pode ser o que dixo antes o Sr. Rey, Policía, ..., casos moi particulares.

4.3. Preguntas

Preguntas do PSdeG-PSOE presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/5062 o día 21 de xuño de 2014, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª O alcalde de Cambre, en manifestacións realizadas no periódico 'La Opinión' o 4 de marzo de 2012, referíndose á construción do novo centro de saúde do Temple, dicía que "Sanidade tense comprometido a presentar o proxecto ao concello en marzo e a iniciar os traballos ao longo de 2012".

Máis alá do evidente incumprimento de Sanidade dos seus compromisos con Cambre e da tomadura de pelo que iso representa para a totalidade dos cambreses, este grupo pregunta:

Que información nos pode facilitar o Goberno municipal sobre a contratación das obras do centro de saúde do Temple, e para cando se ten prevista a súa posta en marcha?

Dona Mª Jesús González Roel, concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, contesta que respecto da posta en marcha do centro de saúde, o que lle pode dicir é que ten que estar terminado no 2015, porque está suxeito a unha subvención da UE e ten que estar terminado no 2015. Vai co grupo dos mesmos que están saíndo xa a licitación, como foi o de Arteixo ou o de Culleredo, e agardan que en breve Cambre. Ela non lle pode dicir unha data exacta porque non lla dixeron. Dixeron

que moi en breve sairá o centro de saúde de Cambre, pero como lle dixo o principal é que ten que estar feito a finais do ano 2015, iso si que o teñen moi en concreto.

Dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, di que, entón, non se licitou aínda.

Dona M^a Jesús González Roel contesta que a día de hoxe, non. O proxecto, si, pero a obra de momento está pendente de licitación.

2^a No pleno ordinario do pasado mes de febreiro, o noso grupo presentou unha iniciativa instando a incorporar e regular na Ordenanza do servizo de axuda no fogar do noso concello os servizos de teleasistencia domiciliaria e fisioloxía e podoloxía a domicilio, de acordo coa lexislación aplicable nesta materia; servizos orientados principalmente a usuarios que viven sos, persoas maiores e grandes dependentes con mobilidade reducida. A dita proposta contou co respaldo de todas as forzas políticas con representación nesta Corporación, agás o Partido Popular.

Non tendo constancia oficial da inclusión dos devanditos servizos na ordenanza en cuestión, o noso grupo pregunta polas motivacións do Goberno municipal á hora de non aplicar este acordo plenario.

Dona M^a Jesús González Roel, concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, contesta que como lles dixeron xa no pleno onde presentaron esa moción, que se aprobou, neste momento a empresa adxudicataria está prestando os servizos de teleasistencia. Ten 100 aparatos, para calquera paciente que o solicita, e tamén está prestando os servizos de fisioloxía e podoloxía a domicilio. Entón, para eles, para o seu Departamento, non é unha prioridade.

Ela xa sabe que foi unha moción que se aprobou por maioría e que se fará cumprir, pero como comprenderá, agora mesmo para o Departamento de Servizos Sociais non é unha prioridade. Simplemente se fará cando teñan un pequeno oco para poder elaborala, e entón si que se traerá.

Don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que cre entender que as palabras da Sra. concelleira veñen a dicir que, de momento non se incorporou, pero que a intención, como non pode ser doutro modo, é incorporar iso a ordenanza, así o recolle o acordo.

Tamén se permite dicirlle que son incertas esas manifestacións respecto de que eses servizos a empresa os vén facendo. Acaba de apuntarlle que hai 100 aparatos de teleasistencia, cando son 33 usuarios os que se acolleron a ese servizo, pregunta onde aparece o dato dos 100 aparatos, porque na proposta de melloras técnicas da empresa, non. Di que ten o informe e se quere faillo chegar.

Dona M^a Jesús González Roel manifesta que igual está ela equivocada no número de aparatos, pero si está prestando os aparatos de teleasistencia a quen os necesita, e os outros aparatos xa os tiñan contratados a maioría das persoas coa Deputación, a través do programa da Deputación da Coruña. Os outros servizos tamén se están dando neste momento, para quen os solicita.

Como lle dixo, farase, claro que si que se vai facer, foi un acordo plenario e está na súa intención metelo, pero non é unha prioridade neste momento facer a modificación da ordenanza, por como está distribuído o departamento, que ten bastante traballo. Farase, non lle di que non, vaise facer porque foi un acordo plenario.

Don Jesús Bao Bouzas pregunta se prevé algún prazo, xa que dicir que se fará é unha indefinición. Eles teñen consultado o BOP, como por outra parte corresponde, dalgunha maneira entendendo que os prazos que continúan os procedementos deste tipo lles permitirían que este acordo xa se tivera adoptado.

El cre que os acordos que se adoptan en pleno se envorcan con relativa rapidez, neste caso aos boletíns oficiais.

O Sr. alcalde di que van pasar á pregunta número tres, porque isto son preguntas. Dille ao Sr. Bao que fixo preguntas encadeadas e el permitiullo. Fixo unha, fixo a segunda, fai a terceira, e se lle contestan, cando non lle gusta, fai a cuarta.

Dille que isto son preguntas, pregunta-resposta. Unha aclaración, de acordo. Que quere que lle dea unha data agora para comprometerse nun pleno, pois xa llela dará, xa llo dixo a Sra. concelleira, poñerá a iso aos servizos. Como isto é un acordo plenario teñen todo o empeño en cambialo, porque é un acordo plenario, pero estenderse nas preguntas... Pide que pasen á terceira.

3ª Veciños do Vilar de Sigrás, que teñen as súas vivendas case no límite co Concello de Culleredo, á altura da estrada AC-400, veñen demandando dende hai tempo que se lles facilite a acometida á rede municipal de saneamento, sen ver atendida a súa solicitude.

Por todo iso, este grupo pregunta:

Que medidas se teñen previsto levar a cabo para posibilitar o enganche á rede de saneamento por parte destes veciños?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que viñeron varios veciños a falar con el nesta lexislatura, para informarse e intentar que se lles puxese o saneamento nesa zona do Vilar. O problema é que ao estar recollido nas normas urbanísticas de Cambre como solo rústico non poden iniciar aí un saneamento, unha rede de sumidoiros, legalmente. Se viñera dun núcleo tradicional, ou núcleo consolidado, se por aí puideran pasar con algún colector que viñera doutro sitio, si, poderían engancharse perfectamente, pero iniciar unha rede aí non poden facelo legalmente ata que iso estea recollido como núcleo rural.

Polo tanto, no Plan xeral, tanto esa zona como algunhas outras que hai no concello nesas mesmas circunstancias, van recollelas como núcleos rurais para poder empezar a dar eses servizos sen que teñan que depender de que veñan doutro núcleo.

Tan pronto como teñan o Plan xeral poderán empezar a facer o posible por poñer eses servizos a eses veciños.

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que por parte do seu grupo pregan que sexa así. Se hai que agardar ao Plan xeral, haberá que esperar, pero tratar de darlle présa ao tema.

Cando son as vinte e dúas horas e trece minutos, don Fernando Caride Suárez, concelleiro do PP, abandona o salón de sesións.

Preguntas de UxC presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/5058 o día 21 de xuño de 2014.

1ª Que valoración fai o Goberno municipal respecto da última feira de artesanía e comercio?

Dona Marta Mª Vázquez Golpe, concelleira de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, manifesta que a valoración que fai o grupo de Goberno deriva basicamente da valoración que fan os propios comerciantes e os propios emprendedores que teñen participado nesa feira. Ten sido bastante boa, a pesar de que é certo que a excesiva calor non favoreceu a afluencia de público tanto como o ano pasado, pero as referencias que lles teñen dado os comerciantes, sobre todo os do propio municipio, teñen sido bastante boas, tanto en vendas como en contactos comerciais.

Dona Mª Eugenia Mantiñán Méndez, concelleira de UxC, pregunta se os expositores e xente baixaron con respecto a outros anos.

Dona Marta Mª Vázquez Golpe responde que non lle pode dicir. En expositores houbo xente que compartiu casetas, iso case mellor a Asociación de Empresarios ten os datos.

Ela dálle os seus datos. Os emprendedores o ano pasado foron 13 e este ano tiveron 11, porque este ano aínda que houbo máis emprendedores, polas características dos negocios que se teñen aberto, a maioría foron servizos hostaleiros e servizos de artes gráficas e demais, non teñen as características propias para instalarse nunha caseta de feira.

2ª Despois das suxestións dalgúns empresarios de hostalaría respecto da ordenanza de terrazas, ten pensado facer algunha modificación á ordenanza?

3ª Despois de aprobar a ordenanza na que se regula a instalación de paneis publicitarios, preguntamos se todos os paneis están legalizados ou cantas denuncias se realizaron por parte do concello.

O Sr. alcalde manifesta que as preguntas número dous e tres, se lles parece, lles contestan por escrito, ou quedan para o próximo pleno, porque eran preguntas de Rocío.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que no tema da ordenanza de terrazas gustaríalles que lles contestaran o antes posible, porque se o Goberno non ten pensado facer ningún tipo de modificación, o seu grupo vai traer propostas en canto a modificala. Por iso lles gustaría que no menor tempo posible lles contestaran. A outra si que non ten ningún problema en ir ao próximo pleno.

Engade que, aproveitando, si que tiña anotado algo e, se lle deixa o Sr. alcalde, gustaríalle facerlle unha proposta, que lles di que eles non saben facelas. Antes falaron do centro de saúde, e cre que é na rúa Francisco Añón, se non se equivoca, e cre que todos os que pasan por alí ven como o retranqueo do edificio do 7+7 está moito máis atrás da beirarrúa. Di que non sabe se teñen pensado, ou se non que o fagan, o tema dos aparcadoiros unha vez que teñan un centro de saúde e unha escola infantil aí. Non hai aparcadoiros en ningún lado e, que el saiba, igual está equivocado, non está previsto. A beirarrúa, en vez de retranquearse con respecto ao edificio, veu bastante máis para adiante, e a xente de alí está que trina, o deben saber.

O Sr. alcalde dille que era o proxecto urbanizador que había.

Don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que o sabe, non di que non, o que di é que, a pesar diso, se o proxecto se pode mellorar, esa é a súa proposta.

Preguntas de EU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/5066 o día 21 de xuño de 2014, xunto coas mocións e rogos presentados para este pleno.

1ª O río Mero é un enclave natural do concello cun gran potencial turístico. No pleno de setembro de 2013, o grupo de EU presentou unha moción (aprobada por unanimidade) “para o acondicionamento de zonas de baño e recreo nas ribeiras do río Mero”. Transcorridos oito meses, non temos coñecemento de ningunha resposta ou actuación prevista por parte da Xunta de Galicia nin do concello, en relación coa iniciativa presentada.

Pode informarnos o Goberno das xestións realizadas para que os veciños/as de Cambre poidan ter un lugar de espaxamento e recreo aproveitando o enorme atractivo natural das ribeiras do río Mero?

O Sr. alcalde contesta que esta resposta estaba prevista tamén para Rocío, pero el polo menos vaille dicir o que el coñece.

Recollendo as iniciativas de EU, que son tamén as que comparte o Goberno, estiveron reunidos con Augas de Galicia para propoñerlle as catro, cre que son catro, zonas de ocio e espaxamento e baño no río.

Tamén lle dixeron a Augas que, de todas formas, se puxeran en contacto coa Deputación, porque estaba previsto o carril bici da área metropolitana. Sabe que así o fixeron, iso atrasoulles dous meses practicamente facer o proxecto, pero tamén sabe que nas próximas datas, non lle pode dicir se en 10 ou 15 días, terán o proxecto de

Augas de Galicia aquí, igual que teñen xa o do carril bici metropolitano na senda peonil do río Mero, tanto de ida como de volta.

Supón que terán lido o da presentación na prensa. Aí vanse conxugar as dúas actuacións. Por parte de Augas de Galicia facer as tres ou catro zonas de ocio e espaxamento, e pola Deputación facer a senda peonil con carril bici, aluguer de bicicletas e demais.

Iso é o que lle pode comentar. El sabe que tiveron tamén unha reunión posterior con Rocío, pero esa non lla pode informar el, porque non estivo nesa reunión posterior.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que nada máis dicirlle que imaxina que cando o Goberno municipal propón catro zonas de baño no río Mero, crearon unha especie de proxecto para iso.

O Sr. alcalde di que está a facelo Augas de Galicia. Eles propuxéronlle, máis ou menos, as que xa existían en Cambre, recollidas das súas propostas, que era a Ponte da Insuas, o merendeiro de Cecebre e a Marisqueira, e cre que hai unha cuarta. Esas foi as que propuxeron, recollidas da proposta de EU, ou ben, a proposta cre que é de todos, porque son os sitios naturais para facer as zonas de baño e de ocio e espaxamento.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que a moción foi aprobada por unanimidade e, á parte, non eran catro propostas, cre que eran oito, pero claro que hai que valorar, porque podían facer vinte.

O que di é que o Sr. alcalde dixera no pleno que ía facer un pequeno proxecto para entregarlle á Xunta, que o concello ía entregarlle un proxecto, por iso preguntaba antes se tiñan ese proxecto feito, para poder trasladalo aos grupos.

Se non teñen ese proxecto feito, a eles o que lles gustaría saber, imaxina que ao conxunto da oposición, é que zonas propuxo exactamente, para saber a súa localización e para ter unha idea, máis ou menos, de onde está previsto que sexan as zonas de recreo e baño e, ao mesmo tempo, poder tamén opinar.

O Sr. alcalde manifesta que lle di o que sabe, e incluso foi a proposta súa o de atrasalo. Dende o concello chamaron á Augas de Galicia para non ter que gastarse os cartos no proxecto, e pedíronlle a Augas de Galicia que o fixera. Viñeron os técnicos cunha empresa externa e vanlles presentar o proxecto, recollendo as zonas que dende o concello lles marcaron, que lles marcou Rocío. Cando estea, poñerano a disposición. Cre que quedaron en traelo a principios do mes de xullo e poñeránllelo á súa disposición para ver que opinan.

Explica que no seu poder xa está o tema do proxecto que hai do carril bici e facilitaralles tamén unha copia para que saiban como queda.

Don Luis Miguel Taibo Casás expón, xa para rematar, que no pleno onde se presentou esa moción, o Sr. alcalde dixo que estaban confeccionando un proxecto para entregarlle á Xunta de Galicia, e antes de entregar ese proxecto á Xunta de Galicia

que lles ían pasar un borrador aos grupos da oposición. Agora estalle dicindo que xa lle dou máis ou menos unhas ideas á Xunta, e eles sen ter coñecemento, cando o Sr. alcalde dixo textualmente que antes de comunicarllo á Xunta, llelo ía comunicar a eles.

O Sr. alcalde expón que é que son coincidentes no tempo. No tempo que se falou aquí, que se aprobou a moción no pleno, son coincidentes. É dicir, termínase o pleno, el chama a Augas de Galicia, bóttalles unha rifa pola limpeza da senda peonil, mándanlle aquí os técnicos, entón, o concello propón o que quere, polo menos tres ou catro zonas de ocio e espaxamento con bancos, etc., etc.

Pregunta por que vai el gastar os cartos do concello no proxecto se llo ofrecen eles, que veñen cuns proxectistas externos. Presentaranlles un borrador, daránllo a todos os grupos, estudarano, e dirán se están de acordo ou non están de acordo.

2ª Segundo informacións, a Xunta de Galicia ten licitado a redacción dun proxecto para a ampliación e mellora da estrada AC-214 entre Guísamo e Sigrás, e no treito entre a AC-213 e a N-550, cun orzamento de 39.932 euros.

Pode informarnos o Goberno da situación do mencionado proxecto?

O Sr. alcalde contesta que o que lle pode informar é que ese proxecto está adjudicado e están a confeccionalo para facer esa senda nese treito da Xira. É o que lle pode informar neste momento.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, pregunta se non comprende a estrada de Pravio, como dixera o Sr. alcalde.

O Sr. alcalde responde que son dúas cousas distintas. O tema de Pravio, na AC-214, nos dous temas de Pravio, as memorias valoradas, que non son proxectos, esas leváronllas eles á Xefatura Provincial, aquí na Coruña, para que o metan no mantemento da estrada.

Distinto é ese orzamento da adjudicación do proxecto que o Sr. Taibo lle pregunta. Iso correspóndese á execución do proxecto das sendas peonís na Xira, en Sigrás.

Don Luis Miguel Taibo Casás indícalle que o que viña nas informacións é o que lle acaba de ler, que falaba da AC-214 entre Guísamo e Sigrás, e de Pravio.

O Sr. alcalde di que non lle vai discutir o que viña na prensa, pero o que el lle está dicindo é que esa adjudicación dos 39.392 euros é para a confección do proxecto entre a N-550 e o Mesón Vasco, iso é o que el sabe e o que lle pode informar, porque o sabe.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que lle vai ler o titular, nada máis: "A Xunta de Galicia licita a redacción da ampliación da AC-214 en Cambre", despois vén o resto. Non sabe se os medios de comunicación se equivocan, ou é a Xunta a que dá a noticia.

O Sr. alcalde dille que a AC-214 é, a estrada que vén de Muros á Ponte do Porco.

Ante as manifestacións do Sr. Taibo o Sr. alcalde dille que ao mellor está el equivocado, pero o que el sabe e lle pode dicir é que os 39.392 euros son para a redacción do proxecto do treito entre a N-550 e o Mesón Vasco, iso é o que sabe.

A continuación, o Sr. alcalde manifesta que coa terceira pregunta si ten problemas, porque non ten nin idea para contestarlles agora mesmo, ou ben, algo de idea ten, pero é un tema de Rocío.

Don Luis Miguel Taibo Casás dille que, se lle permite, vaille dar lectura.

3ª No pasado mes de decembro presentamos un rogo co fin de valar e limpar un soar sito na rúa Cruceiro, o que se está a converter nun vertedoiro de lixo onde a vexetación invade parcialmente a beirarrúa.

Cal foi o motivo para que non se teñan tomado as medidas oportunas para corrixir a situación de abandono?

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, engade que non é que invada parcialmente a rúa, senón que a vexetación invade totalmente a beirarrúa, porque as silvas pasan por riba da beirarrúa e case chegan á estrada.

Esta pregunta posiblemente a leve Rocío, pero na anterior ocasión contestóullela o Sr. Marante e díxolles que se ía limpar ou que llelo comunicarían aos propietarios para que puxeran un valado alí.

Como dixo antes, a xente non pode case pasar por unha beirarrúa que está no centro da vila, e iso é unha vergonza, porque estalle dicindo que as silvas sobrepasan a beirarrúa. A xente que pasa por alí dille que lle queda ata a camisa enganchada. Están falando do centro da vila.

O Sr. alcalde responde que mañá dá orde de que se corten.

Don Luis Miguel Taibo Casás agradécello, á marxe de que di que non estaría de máis que puxeran aí unha especie de valo, porque como di a propia pregunta iso está a converterse nun vertedoiro incontrolado, alí tiran de todo, e pídelle que se pasa por alí, que o comprobe.

O Sr. alcalde manifesta que están de acordo, pero con independencia diso, el non quería contestarlle á pregunta, porque xa lle dixo que lle corresponde a Rocío, que é quen a ten preparada, pero o Sr. Taibo sabe perfectamente que aí el está de acordo en que non pode haber silvas, que a xente ten que pasar pola beirarrúa, niso está totalmente de acordo e mañá mesmo dá orde de que corten iso. De todas maneiras, o Sr. Taibo sabe que aí hai un proxecto feito para facer un aparcadoiro e que van facelo. Se non o sacan agora, van sacalo, porque teñen que apurar todo o que se demoraron antes. Por iso lle di que se vai facer xa.

Don Luis Miguel Taibo Casás dille que si, pero que haxa un proxecto para facer un aparcadoiro, o que lle parece ben e perfecto, non quita que esa zona que está no centro da vila estea nunhas condicións máis ou menos de hixiene aceptables.

O Sr. alcalde reitera que están de acordo, e xa lle dixo que vai dar orde para, polo menos, lavarlle a cara a iso.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/5128 o día 23 de xuño de 2014, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª Conforme avanza as obras na ponte do Temple, teñen previsto algunha mellora, de común acordo con outras administracións, na glorieta de entrada á autoestrada?

O Sr. alcalde contesta que non quere ser incisivo, pero pregúntalle ao concelleiro do BNG que quere que lle conteste á pregunta de se teñen previsto algunha mellora de común acordo con outras administracións, na glorieta de entrada á autoestrada. A resposta é non.

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, manifesta que estupendo.

O Sr. alcalde dille que, claro, que a pregunta é se teñen previsto, e a resposta a iso é que non. Porque a pregunta fala da glorieta de entrada á autoestrada, e el dille que na glorieta, non.

Di que o proxecto está a exposición pública, e iso é o que está previsto no proxecto. Está a exposición pública, téñeno na páxina web. Hai unha mellora no contorno das casas situadas á marxe dereita, antes da glorieta da autoestrada, hai unha mellora que se vai facer nese treito, pero claro, el non sabe que responder á pregunta do Sr. Carballada. Pregúntalle que lle responde, porque na glorieta, non, non hai ningunha actuación, e no plano xa se ve, a glorieta está como está.

Volve preguntarlle que el que lle contesta. Con outras administracións, non, é o que está no proxecto.

Don Daniel Carballada Rodríguez responde que teñen falado deste tema, e que de verdade non é que el veña aquí con cuestións estratosféricas. Tanto o grupo do BNG, como outros grupos, teñen traído a este pleno de maneira recorrente, cuestións relacionadas, efectivamente, non na literalidade coa glorieta, pero en fin, sobre as inmediacións da glorieta, como por outra parte é lóxico.

Resulta case cómico, e de verdade llo di con todo o respecto, que non entenda. Teñen falado de pasos de peóns; teñen falado de indicativos das estradas; teñen falado e así o lembrará o Sr. Marante porque lle ten respondido el, dese sinal de acceso á autoestrada; dos paneis informativos electrónicos, de se si, de se non, dese tipo de cuestións; de se regulación semaforica; calquera tipo de cuestións que se poidan estudar a ese respecto e que á concelleira M^a Jesús González lle producen hilaridade.

Dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, sinala que a pregunta, si.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que ben, pois iso, pero el cre que se pode entender perfectamente.

O Sr. alcalde dille que el enténdeo, e non sabe se lle quedou contestada a pregunta.

Don Daniel Carballada Rodríguez contesta que si, que como sempre non fixeron nada. O que quere que lle diga, porque o Sr. alcalde o sabe, xa que ademais se acordou aquí, e o Sr. Marante tamén o sabe perfectamente, porque máis sabe o diablo por Marante que por vello, é que teñen falado dos indicativos electrónicos e dese tipo de cuestións. Pois ben, diso había que falar con Autoestradas, ou non sabe exactamente con quen era, entón, o que pregunta é se, aproveitando esta obra, se vai facer, tan sinxelo como iso. A conclusión que saca do que o Sr. alcalde lle dixo, é que non se fixo.

Fala dese indicativo que lles di se hai neve na calzada, se chove, se hai un atasco en Ferrol, todo ese tipo de cuestións, tiñan falado se podería estar máis pegado a esa glorieta, para que dende ela se puidera calibrar se interesa meterse na autoestrada, ou non. Conclúe dicindo que é algo tan sinxelo como iso, porque el cre que o entende todo mundo, seguro que o Sr. Marante tamén.

O Sr. alcalde dille que el dálle a razón, e non quere alongar o pleno, porque non ten sentido, pero dille que el colle a pregunta pola mañá e le “Conforme avanzan as obras na ponte do Temple, teñen previsto algunha mellora, de común acordo con outras administracións, na glorieta de entrada á autoestrada?”. Pregúntalle que é o que el ten que pensar, como ten que pensar, porque o que fai a pregunta é o Sr. Carballada e tena pensada, pero el non, non sabe o que lle quere dicir, e pídelle que o perdoe.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que vaille responder, e a esta hora llo di con total sinceridade, se a pregunta do BNG chega a ser se teñen previsto algunha mellora de común acordo na glorieta de entrada á autoestrada, o que lle ía dicir o Sr. alcalde ía ser: Sr. Carballada, que máis mellora quere que a que estamos facendo, que estamos ampliando a ponte do Temple e están poñendo alí tal, e estase facendo tal e tal, que iso non se fixo durante anos e se está facendo agora.

Iso era o que lle ía contestar o Sr. alcalde, por iso el lle preguntou o de conforme avanzan as obras na ponte do Temple, abren parénteses, Sr. Rivas, non lle discuto que se estean realizando as obras no Temple, e seguiría coa pregunta, teñen previsto algunha mellora, de común acordo con outras administracións, sabe Marante de que falamos, na glorieta de entrada á autoestrada?

O Sr. alcalde di que non sabe se lle quedou contestada a pregunta ou non, e pregúntalle ao Sr. Marante se quere intervir.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, manifesta que unha aclaración pequeniña, sen máis, medio minuto como moito. Explica que non estaba previsto, pero si se vai facer algo aproveitando esta obra. Di que xusto onde está o paso de peóns, o semáforo diante da Casa das Palmeiras, pola súa parte fixéronse xestións cos propietarios das casas que hai alí en fronte, porque alí hai un problema de desniveis tremendos, hai problemas para pasar cunha cadeira de rodas, non se

poden meter alí con ela ou cun carro, porque pode envorcar. Falouse e fixéronse xestións cos propietarios das casas vellas aquelas que hai alí, e a propia empresa, a Xunta, comprometeuse a continuar a beirarrúa e evitar as barreiras arquitectónicas que hai, incluso para baixar por debaixo, por onde está a taberna. Vaise continuar ata o final.

Esa é unha das melloras que se van facer. Despois hai outras cuestións que haberá que xestionar, pero con outras administracións, que en principio non están nisto.

O Sr. alcalde agradece a resposta do Sr. Marante e pide que se pase á segunda pregunta.

Don Daniel Carballada Rodríguez agradécello ao Sr. Marante e ao Sr. Rivas e di que a ver se desta pregunta non provocan a hilaridade da concelleira M^a Jesús, que é algo que a el non lle deixa de sorprender, porque vaille dicir que está ela para rirse, en fin.

2^a Que actividade desenvolve o concello destinada a eliminar a discriminación por opción ou identidade sexual?

Dona M^a Jesús González Roel, concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, manifesta que ela tampouco entendía moi ben por onde ía a pregunta. O que lle vai comentar é que, que ela saiba, en Cambre non se discrimina absolutamente a ninguén por sexo, é dicir, que ela coñeza non se discrimina a ninguén.

Dito iso, vaille dicir todo o que están facendo dende as diferentes concellerías. Cumprindo coas directrices do I Plan de Igualdade entre Homes e Mulleres do Concello de Cambre, do 2011 ao 2015, estase traballando nestes temas de forma transversal, a través dos talleres de sensibilización para os alumnos de 4^o de ESO. Nos centros de secundaria, dentro da campaña “Sen violencia máis felices”, trabállase na revisión de estereotipos sexistas, de forma transversal tamén, coa finalidade de cambiar actitudes, comportamentos, sobre conceptos de igualdade, e realízase, normalmente, nos meses de novembro.

Despois, a través da Escola de nais e pais, que é dende Educación, danse charlas aos pais, dende infantil, primaria, ESO e bacharelato. Aí trátanse diversos temas e, ao final dos temas que tratan, que normalmente adoitan ser temas actuais como as redes sociais e outro tipo de charlas, nesas mesmas charlas fan unha enquisa para ver a satisfacción da xente. Tamén lles piden que fagan suxestións para as vindeiras charlas, para ver que temas poderían interesarlles. Sempre piden a súa suxestión.

Dende a Concellería de Xuventude, a través do programa da Xunta de Galicia “Quérote máis”, e coincidindo co Día mundial do SIDA, trátanse estes temas, tamén de forma transversal.

Logo, a nivel de institutos, está o Instituto David Buján, onde traballan en todos os cursos unha guía afectivo sexual que titulan “Nin ogros, nin princesas”.

Dende a Concellería de Sanidade téñense realizado tamén talleres sobre adiccións no Instituto David Buján. E no Afonso X sobre a convivencia de imaxe corporal e sexual en tres sesións de 100 minutos.

Conclúe dicindo que, a día de hoxe, non teñen recibido ningunha queixa, ou alguén que se puidera sentir aludido ou discriminado por sexo, é o que se quería dicir, e non sabe se hai algunha suxestión.

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, manifesta que el de verdade vaise quedar coa parte central da súa resposta, porque o outro de verdade cre que a concelleira non mide o que está dicindo, porque loxicamente non se está sinalando a ninguén, un feito concreto, de discriminación ou de linchamento por cuestión da opción ou da identidade sexual. Iso simplemente existe na sociedade, como existen corenta mil cousas e, por iso, efectivamente, ven que o Concello de Cambre realiza unha serie de actividades e participa dunha serie de programas, do cal el, como representante do Bloque, se alegra profundamente.

Engade que, simplemente á hora de concretar unha cuestión, el si cre que sería importante, e aquí o di no pleno, que o Concello de Cambre, que ao cabo do ano conmemora corenta mil datas, como é lóxico e normal, e eles así se suman a elas, pois conmemorara especificamente o Día do orgullo gay,lésbico, bisexual, transexual, intersexual, que é o día 28 de xuño. Faise en moitísimos concellos, en moitísimas administracións e, derivando un pouco da resposta que a concelleira lle dá, el si bota en falta que o Concello de Cambre non conmemore esa data.

Dona M^a Jesús González Roel manifesta que é unha suxestión, e que non se conmemora esa nin se conmemoran outras moitas, non é por nada especial, simplemente porque ao mellor hai saturacións de programas, e di que non, que a verdade é que nunca ninguén llo ten pedido formalmente. Non hai ningún inconveniente en celebrala, como se celebran outras, e non se celebra como non se celebran outras, pero sen máis, sen ningunha acritude e sen máis. Pódense tratar estes temas a través do programa Quérote, ofrecéndolles facer nos institutos programas deste tipo. Conclúe dicindo que non hai inconveniente ningún en realizalos.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e corenta e cinco minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Manuel Rivas Caridad

Verónica M^a Otero López